

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL
DO DÍA 22 DE MARZO DE 2024.**

Ás 10.00 horas do día 22 de marzo de 2024, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do BNG don Xosé Manuel Puga González, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial).

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto oitavo, e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 23 de febreiro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 23 de febreiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

Neste punto intervén **don Rafael Martínez Cachafeiro**, de DO, para anunciar que retiran a moción que presentaron, polos motivos que sinalará máis adiante.

2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á “DECLARACIÓN DE OVIEDO”, INICIATIVA GLOBAL 2024 PARA A PREVENCIÓN DO USO DE DROGAS.

Por acordo unánime de todos os grupos políticos da Corporación, apóiase a seguinte declaración:

Declaración institucional de apoio á “Declaración de Oviedo”, iniciativa global 2024 para a prevención do uso de drogas, que promove dez propostas para integrar a prevención nas políticas sobre drogas, que son as seguintes:

- 1ª.- Solicitarlles aos países dedicar polo menos o 25% da súa estratexia e orzamento de redución da demanda de drogas á prevención.*
- 2ª.- Promover un enfoque de prevención dirixido a todas as idades do desenvolvemento e favorecendo unha prevención máis temperá.*
- 3ª.- Fomentar a investigación e a avaliación para evitar estratexias de prevención ineficaces ou contraproducentes.*
- 4ª.- Ampliar a visión das respostas preventivas para desprazar o enfoque centrado nas drogas cara o individuo e a comunidade.*
- 5ª.- Incorporar enfoques interseccionais na prevención que abarquen todos os colectivos en risco.*
- 6ª.- Impulsar sistemas de prevención que involucren múltiples actores e que documenten a efectividade e rendibilidade para a súa implementación global.*
- 7ª.- Proporcionar cobertura universal desde un continuum de atención.*
- 8ª.- Priorizar a acción nos países de renda baixa e media.*
- 9ª.- Capacitar ás xeracións actuais e futura de profesionais da prevención.*

10ª.- Dar seguimento do estado das políticas de prevención a través dunha supervisión responsable.

3º.- MODIFICACIÓN DA DATA DE REALIZACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES PARA O MANDATO 2023 - 2027

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

Non se producen intervencións e, por unanimidade (incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González, do BNG), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Modificar a data de realización das sesións ordinarias das comisións informativas permanentes para o mandato 2023-2027, que terán lugar todas os **mércores** da semana anterior á da realización do Pleno ordinario, a partir das **16.30 horas**, pola seguinte orde:

Transparencia e Administración Provincial

Especial de Contas, Facenda e Economía

Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural

Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego

Termalismo, Turismo e Medio Ambiente

Cultura, Deportes e Mocidade.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DA BASES REGULADORAS PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO PARA O EJERCICIO 2024.

O Sr. presidente anuncia que os puntos cuarto, quinto e sexto, debateranse conxuntamente e a votación será por separado.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

1ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, comeza a súa intervención sinalando que estas propostas xa foron explicadas polo director da Área de Benestar da

Deputación, e que se trata dunha proposta técnica de modificación das bases do SAF. A continuación explica brevemente en que consisten as novidades de cada unha das bases que se someten a aprobación respecto ás de exercicios anteriores. Por último destaca o esforzo económico desta Deputación para dotar estes programas que considera moi importantes para a cooperación cos concellos da provincia.

1ª intervencións de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, comeza a súa intervención manifestando unha serie de dúbidas. Así, indica que segundo o disposto no artigo 27 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local “El Estado y las comunidades autónomas, en el ejercicio de sus respectivas competencias, podrán delegar en los municipios el ejercicio de sus competencias”. Se vemos nesta mesma lei as competencias que poden delegarse, aí aparecen recollidas as competencias relativas á “prestación de los servicios sociales, promoción de la igualdad de oportunidades y la prevención de la violencia contra la mujer; conservación o mantenimiento de centros sanitarios asistenciales de titularidad de la comunidad autónoma; creación, mantenimiento y gestión de las escuelas infantiles de educación de titularidad pública de primer ciclo de educación infantil, realización de actividades complementarias en los centros docentes o gestión de las instalaciones deportivas de titularidad de la comunidad autónoma o del Estado, incluyendo las situadas en los centros docentes cuando se usen fuera del horario lectivo”. Seguindo co seu argumentario, o punto quinto deste mesmo artigo sinala que “...la efectividad de la delegación requerirá su aceptación por el municipio interesado...” e no punto sexto que “...la delegación habrá de ir acompañada en todo caso de la correspondiente financiación, para lo cual será necesaria la existencia de dotación presupuestaria adecuada y suficiente en los presupuestos de la administración delegante para cada ejercicio económico, siendo nula sin dicha dotación...”. É dicir, temos que esixir que se exercemos unha competencia delegada, nos teñen que enviar os cartos.

Sr. presidente, sinala que hai unha serie de competencias recollidas na propia lexislación de bases de réxime local e na lexislación sectorial. Así explica que as competencias en servizos sociais levan delegadas nos concellos moitos anos e pasando sucesivos gobernos da Xunta de

Galicia, e que o que estamos discutindo é se o diñeiro que acompaña a esta delegación é suficiente ou non, pero si que ven acompañada de financiamento. Engade que estes servizos tan sensibles deben ser prestados, na súa opinión, pola administración máis próxima aos cidadáns, que son os concellos, co axeitado financiamento.

Rafael Martínez Cachafeiro, sinala que é o momento de empezar a mudar as cousas no relativo a unha cuestión tan seria como son os servizos sociais.

1ª intervencións de María Xosé Mangana Guede, do BNG, comeza indicando que comparte a exposición realizada polo voceiro de DO, e tamén a apreciación da Presidencia de que deben ser prestados polos concellos. Engade que os servizos sociais, especialmente o SAF, non están suficientemente dotados orzamentariamente. Sinala que o seu grupo se vai abster na votación destas propostas de programas de cooperación, e insiste en que a Xunta de Galicia ten que aumentar a partida destinada a cofinanciar os servizos sociais municipais.

1ª intervención de Susana Rodríguez Estévez do Grupo Socialista, sinala que estamos diante dos programas de cooperación máis importantes da Área de Benestar desta Deputación. Engade que o seu grupo se vai abster, xa que si é certo que se aumenta o seu financiamento, tamén se incrementan moito os gastos que teñen que asumir todos os concellos da provincia, polo que considera que non é un orzamento suficiente para uns servizos tan sensibles e importantes. Estamos nunha provincia moi avellentada na que todos os recursos son poucos e insiste en que a FEGAMP está a reivindicar unha maior achega da Xunta de Galicia.

2ª intervención de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, nesta quenda sinala que lloxicamente lles gustaría aumentar aínda máis a dotación orzamentaria, pero lembra o importante esforzo de cooperación que está facendo esta Deputación Provincial. Remata indicando que o desexable é que se modifique o marco de financiamento estrutural das EELL, tanto do Estado como da Xunta de Galicia.

2ª intervencións de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, na que comeza indicando que efectivamente concorda en que se deben prestar os servizos sociais polos concellos, pero que

temos que esixirlles á Xunta e ao Estado os fondos necesarios para isto, e se fai falla mediante un “ultimátum”.

2ª intervencións de María Xosé Mangana Guede, do BNG, na que sinala que lle chama a atención unha previsión das bases relativa á formación en materia de igualdade, polo que pregunta como se vai impartir e como se vai controlar, cando debe ser unha formación transversal.

Quenda de peche de Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que, respondendo á pregunta formulada pola voceira do BNG, sinala que se trata de cumprir o Plan de Igualdade aprobado polo pleno para ir implementando en todos os programas provincias actuacións relativas á formación en materia de igualdade.

Sr. presidente, pecha o debate insistindo en que todos estamos de acordo na diagnose do problema, e que se estamos diante de competencias delegadas debemos esixir o financiamento suficiente, tanto ao Estado como á Xunta de Galicia. Tamén é certo que parece que non coincidimos todos nas solucións, e na súa opinión a pesar das circunstancias actuais, os servizos sociais municipais deben ser prestados polos concellos e non se poden abandonar. O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 4º, 5º e 6º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e a abstención do Grupo Socialista (7), do BNG (3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González) e de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico para o exercicio 2024, co seguinte teor literal:

1.- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria

Constitúe o obxecto deste Programa: BenOurense SAF básico, a regulación da concesión de subvencións en réxime de concorrència non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que

xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Este programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O presente programa estrutúrase en dúas accións:

1º) *Acción 1. Dixitalización do SAF*- Asistencia económica co obxecto de facilitarlle ás entidades locais a xestión dixitalizada do SAF a través dunha ferramenta informática contratada pola entidade local.

2º) *Acción 2. Cofinanciamento SAF Básico*.- Asistencia económica para o cofinanciamento da prestación do servizo de axuda no fogar básico - SAF básico.

Para a concesión destas axudas resérvase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de 1.400.000,00€

II .- Beneficiarios

Acción 1. Dixitalización do SAF. Serán beneficiarias as entidades locais, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF, e que xestionen xa ou decidan xestionar dixitalmente o SAF facendo uso dunha ferramenta informática contratada pola entidade local . Para que esta dixitalización sexa subvencionable, a ferramenta informática contratada terá que ofrecer, como mínimo, as prestacións recollidas no anexo I destas bases.

Serán subvencionables os gastos derivados da prestación deste servizo/subministración e que se recollan na/s factura/s emitidas ás entidades locais pola empresa responsable da prestación de dito servizo/subministro, de acordo ao establecido na base III.1.

Acción 2. Cofinanciamento do SAF Básico. A Deputación poderá recoñecerlles subvención a través deste Programa, en atención ao disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, que presten o servizo de axuda no fogar básico- SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo ou a combinación de ambos.

Considerarase SAF básico para os efectos deste programa, aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (PIA) non teña efectividade ou o devandito programa non contemple ou non poida dar cobertura ao número de horas de atención domicilia que, a criterio dos servizos sociais municipais, sexa necesario para a persoa usuaria, podendo xustificarse a cargo desta subvención aquelas horas que sexan cubertas a través do sistema de libre concorrència ás devanditas persoas beneficiarias.

III. - Contías das subvencións.

1. Acción 1: Dixitalización do SAF

A contía económica recoñecerase por entidade local adherida a esta liña de subvención que preste servizo de SAF Básico e está destinada á dixitalización da xestión do servizo de axuda no fogar, que se establecerá conforme aos seguintes criterios:

1.1. O importe máximo destinado a esta liña de subvención será de 202.500,00 €, que se repartirá entre todas as entidades locais adheridas e que así o manifesten no documento de adhesión segundo o modelo facilitado pola Deputación de Ourense. A contía máxima resultante non poderá ser superior a 2.500,00 € para as entidades locais de menos de 5.000 habitantes, e de 3.500,00 € para as entidades locais de 5.000 habitantes ou máis, sen prexuízo

do previsto na base III 2.2 c). No caso de entidades que presten o servizo de SAF básico de forma mancomunada será a mancomunidade a tida en conta para a contía máxima prevista.

1.2. Logo do período de formalización da adhesión, unha vez feito o reparto económico e recoñecéndolles as contías ás entidades locais solicitantes ata os importes máximos establecidos anteriormente, a contía sobrante incorporarase á Acción 2: Cofinanciamento do SAF básico, e será repartido conforme aos criterios recollidos no apartado III.2.1.c)

1.3. A contía máxima prevista para cada entidade local queda condicionada, en todo caso, á contía xustificada e que será a correspondente á/s factura/s xerada/s pola empresa elixida para a prestación do servizo/subministración de dixitalización á data de xustificación desta subvención.

No caso daquelas entidades locais que se adhiran a esta Acción 1 e xustifiquen gastos nesta liña de subvención, pero non consuman a totalidade da subvención máxima recoñecida, o importe non xustificado incrementaráse de forma automática á contía recoñecida para a Acción 2.

2. Acción 2: Cofinanciamento da prestación do SAF básico:

2.1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

- a) Tramo fixo lineal: asígnase a cada entidade local unha contía fixa de 1.500,00 €.
- b) Tramo fixo reto demográfico: asígnase un tramo fixo segundo o grao no que estea clasificado o concello adherido en atención “á prioridade demográfica”, tal e como establecen os criterios recollidos no Anexo II. Os concellos aparecen clasificados por graos no Anexo III e as contías asignadas deste tramo fixo son as seguintes:
 - Concellos clasificados como “sen prioridade”: 2.000,00 €
 - Concellos clasificados como grao 1: 3.000,00 €
 - Concellos clasificados como grao 2: 3.500,00 €
 - Concellos clasificados como grao 3: 4.000,00 €
- c) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase a ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo

Decreto 148/2014, do 6 de novembro, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividir o crédito orzamentario dispoñible – logo de restarlle o importe total destinado aos tramos fixos-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

c.1) Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.
- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

c.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.
- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

c.3) Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como Anexo IV do presente Programa.

- d) Aquelas entidades locais, que soliciten a súa adhesión a esta Acción 2, e que tivesen sen executar nos dous últimos exercicios, dos que se teñen datos, un 20 % ou máis do importe da subvención concedida, minoraráselle un 10% a contía resultante no reparto definitivo efectuado trala adhesión. Dito remanente xerado repartirase de xeito lineal entre o resto dos concellos adheridos, ben de maneira individual ou a través da mancomunidade á que pertencen.

2. 2. A contía máxima inicial prevista por entidade local, e que aparece recollida no anexo IV deste programa, ou en todo caso, a contía da subvención concedida que conste na

correspondente resolución, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local, calculado de xeito mensual, conforme ás regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básico e dependencia), polo número de horas de servizo prestadas de SAF básico xestión directa, e dividindo o resultado entre o número de horas SAF totais prestadas con xestión directa (básico + dependencia).

b) Xestión indirecta do servizo: o custo bruto do SAF básico será o que apareza reflectido na factura emitida pola adxudicataria do servizo.

c) Á contía resultante correspondente ao custo bruto do SAF básico, tanto para a xestión do servizo directa coma a indirecta ou á suma de ambas as dúas, poderá sumárselle ata un máximo dun 15% da contía total da subvención en concepto de “outros gastos ou custos do servizo” e outro 15% para gastos de dixitalización do SAF Básico.

Entenderase como “outros gastos ou custos do servizo”, gastos de persoal indirectamente relacionados coa prestación do SAF de coordinación e/ou control administrativo de servizo (distinto á/ao traballador/a social), gastos relativos á formación prevista na base XI.1, gastos en material funxible (luvas, máscaras, material desinfectante ...), ou análogos.

Entenderase como “gastos de dixitalización do SAF básico”, aqueles gastos asumidos pola entidade local para xestionar e/ou implementar a xestión informática do servizo e que superen o importe da subvención recoñecido na Acción 1 e sexan directamente imputables (asistencia técnica, parte económica asumida directamente pola entidade local na implementación e/o xestión do servizo etc.)

Obtido o custo bruto do SAF básico de xeito mensual, tanto para a xestión directa coma para a xestión indirecta, e sumado o importe en “outros gastos”, e o importe de “gastos de

dixitalización” o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

A determinación do custo neto do SAF básico obtido da forma indicada aparecerá reflectido na Memoria económica asinada pola persoa responsable da secretaría/intervención da entidade local correspondente, e será o gasto efectivamente xustificado para os efectos deste Programa.

IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlles a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía/ Presidencia (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que poñerá á súa disposición a Deputación.

O modelo normalizado porase a disposición pola Deputación e nel recóllese a certificación da alcaldía/presidencia e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas ao concello para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

Unha vez examinada a documentación, a Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán o importe total asignado ao resto dos concellos segundo as normas de reparto recollidas nas base III.2.1. c) e a contía resultante será na que se incremente a contía xa recollida para cada un destes concellos no Anexo IV destas bases.

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa.

V.- Réxime xurídico

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

VI.- Xustificación e pagamento

A subvención prevista neste programa entenderanse automaticamente concedida ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 30 de xullo de 2024, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80 % do importe total de subvención previsto a cada concello. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases e que será:

A xustificación final do programa, na Acción 1, poderá incluír :

- Os gastos das facturas emitidas pola mercantil prestadora do servizo/subministración de dixitalización a data de 30 de novembro de 2024.
- Os gastos comprometidos coa mercantil prestadora do servizo/subministración ata decembro do ano 2024.

No caso da Acción 2, poderase incluír:

- Os gastos do SAF básico efectuados ata o 31 de outubro de 2024.
- Os gastos comprometidos para os meses de novembro e decembro de 2024, no caso de quereiros xustificar, presentando unha certificación de gastos comprometidos emitida polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

2. Xustificación e pago final.

Ata o 30 de novembro de 2024, as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da/s subvención/s concedida/s asinada dixitalmente e segundo os formularios facilitados pola Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar:

Acción 1: Dixitalización do SAF

1. Certificación de gastos efectuados, emitida pola persoa responsable da intervención/secretaría, onde deixe constancia das prestacións mínimas garantidas pola empresa en coherencia co contido do anexo I destas bases.
2. Facturas emitidas pola empresa contratada a data de presentación da xustificación.
3. Certificado, de ser o caso, emitido pola persoa responsable da intervención da entidade local, onde consten as obrigas económicas recoñecidas coa empresa prestadora do servizo/subministración para o ano 2024 e que se deriven da dixitalización do SAF.

Acción 2: Cofinanciamento do SAF.

Deberán xustificar a prestación do servizo de axuda no fogar básico durante o exercicio 2024, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Certificación de gastos efectuados do SAF básico, dende o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2024, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.
2. Memoria económica do SAF, relativa aos gastos efectuados, dende o 1 de xaneiro ao 31 de outubro de 2024, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.
3. No caso de querer xustificar gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2024, poderán presentar un certificado de gastos comprometidos asinado polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

En ambos casos, ademais presentarase:

- a) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- b) Actualización á Declaración responsable de subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade xa aportadas na fase de solicitude
- c) Achegaranse, xunto cos formularios, as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base XI (fotografía cartel, capturas páxina web...).

As certificacións de gastos executados e comprometidos e as memorias que teñen que aportarse deberá estar asinadas polos responsables da secretaría/intervención, e, no caso da

Acción 2, os datos reflectirán o sistema de cálculo do custo bruto e neto recollido na base III.2.2., segundo corresponda o tipo de xestión directa ou indirecta do servizo, deberá de estar firmada electrónica mente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2024, obxecto desta convocatoria.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo V que pon a disposición a Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos corrixibles na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

VII.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos no que o importe do gasto xustificado (correspondente ao custo neto do SAF básico e á contía para dixitalización) polas entidades locais beneficiarias sexa inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas neste programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

VIII. Compatibilidades con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

IX.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de

notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á

finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos. j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

X. Control financeiro das subvencións

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2024 e 2025. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración

anunciarse coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

XI.- Obrigas das entidades locais adheridas:

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Promover e levar a cabo accións/actuacións formativas de sensibilización e prevención en saúde mental e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, dirixidas ás persoas que exercen os coidados das persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar básico. A entidade local beneficiaria promoverá a realización de sesión/s formativa/s que terá/n unha duración mínima de 2h. anuais e que deberá contar cun contido deseñado e axustado ao público ao que vai dirixido. Dita formación poderá ser impartida, entre outros, polos profesionais dos servizos sociais da propia entidade local, con titulacións de traballo social, educación social, psicoloxía

As accións realizadas recolleranse na memoria de execución na fase de xustificación.

2.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, ou ao reintegro ou perda parcial dos ditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

3.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como co financiado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención será realizada por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I

PRESTACIÓNS MÍNIMAS DA FERRAMENTA INFORMÁTICA DE XESTIÓN DO SAF

A ferramenta informática contratada pola entidade local beneficiaria de subvención polo Programa BenOurense SAF 2024, deberá ofrecer como mínimo as seguintes prestacións:

1. Necesidades básicas do persoal técnico municipal xestor do SAF e procesos de transformación dixital.
 - 1.1. Xestión electrónica dos documentos técnicos do SAF.
 - 1.2. Elaboración automatizada dos documentos do Plan de Intervención.
 - 1.3. Xestión da lista de espera do Servizo.
 - 1.4. Xeración e arquivo dos informes de seguimento das persoas beneficiarias.
 - 1.5. Xeración automática dos informes de incidencias relacionados coa execución do servizo.
 - 1.6. Elaboración telemática de Memorias de xestión.

- 1.7. Xestión e almacenamento electrónico dos documentos técnicos do SAF.
- 2. Xestión telemática e control dos/as auxiliares de axuda no fogar.
 - 2.1. Control de asistencia dos/as auxiliares de axuda no fogar.
 - 2.2. Exportación do ficheiro de rexistro da xornada laboral, segundo o RD 18/2019.
 - 2.3. Análise automático das discrepancias entre os tempos de servizo previstos e os tempos realizados.
 - 2.4. Xeración automatizada de axendas de traballo semanais/mensuais e actualizacións de horarios.
 - 2.5. Cómputo mecánico das horas traballadas polos/as auxiliares, tendo en conta a asignación de servizos, coberturas, IT...
 - 2.6. Control da execución do SAF con empresa prestataria (xestión indirecta).
- 3. Xestión financeira do SAF.
 - 3.1. Realización automática do cálculo do copago mensual.
 - 3.2. Emisión automatizada de recibos de copago aos beneficiarios do SAF. Xeración de remesas bancarias e emisión de ficheiros.
 - 3.3. Configuración automatizada de cartas para o envío de comunicacións/recibos.
 - 3.4. Xeración de informes de custos económicos do SAF.
- 4. Explotación de datos para o control do SAF
 - 4.1. Xeración automática de informes de datos da prestación de servizo, segundo parámetros demandados pola entidade local.
 - 4.2. Xeración automática de listaxes para a elaboración de Memorias de Xestión.
 - 4.3. Xestión da posibilidade de xerar, archivar, consultar e exportar todo tipo de listaxes e expedientes para a xustificación anual das distintas subvencións e/ou organismos.
 - 4.4. Repositorio/ arquivo documental.

ANEXO II

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2024.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipio_s_2018.pdf	Diciembre de 2022
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:26/12/2023
Variación da poboación (2012-2021)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:26/12/2023. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del Ine
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Población INE 2022- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del ine para población y del Ige para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de Población de 2022 (publicados el 24/01/2023, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2020-2021 y 2022 que son los definitivos a 23-06-2023

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.

1. Sen prioridade demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con prioridade demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **Grao 0**.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2022.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2013-2022.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2013-2022.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2013-2022
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2013-2022.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2013-2022

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km² .

- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km2 e menor a 15 habitantes/km2.
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km2 e menor a 20 habitantes/km2
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km2

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2022¹-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2020,2021,2022², en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.

¹ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

² Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideráraselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos con prioridade demográfica , que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2022 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2022 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:

- Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó

- Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO III

CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO.

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 2
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 3
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2
15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2

18	Carballeda de Valdeorras	Grao 2
19	Carballiño, O	sen prioridade
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Grao 1
25	Cenlle	Grao 1
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	sen prioridade
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2
31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 2
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 2
38	Lobeira	Grao 3
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1

43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1
50	Oímbra	Grao 1
51	Ourense	sen prioridade
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 2
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 1
60	Pontedeva	Grao 3
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 1
63	Quintela de Leirado	Grao 3
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Ríós	Grao 2

68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 2
70	San Amaro	Grao 1
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 3
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 2
82	Verín	sen prioridade
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 1
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 1
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 2

ANEXO IV

CONTÍAS INICIAIS SAF BÁSICO 2024

	CONCELLO	CONTÍAS INICIAIS 2024
1	Allariz	27.301,70
2	Amoeiro	13.422,84
3	Arnoia, A	8.739,31
4	Avión	11.545,65
5	Baltar	8.798,95
6	Bande	17.904,72
7	Baños de Molgas	10.728,38
8	Barbadás	21.688,07
9	Barco de Valdeorras, O	38.183,38
10	Beade	6.858,39
11	Beariz	9.030,32
12	Blancos, Os	8.172,00
13	Boborás	13.329,48
14	Bola, A	8.989,34
15	Bolo, O	8.507,87
16	Calvos de Randín	8.033,92
17	Carballeda de Avia	9.545,39
18	Carballeda de Valdeorras	10.123,82
19	Carballiño, O	39.988,48

20	Cartelle	14.407,98
21	Castrelo de Miño	9.989,48
22	Castrelo do Val	9.190,79
23	Castro Caldelas	15.640,73
24	Celanova	25.805,10
25	Cenlle	8.556,51
26	Chandrexa de Queixa	9.792,86
27	Coles	15.352,34
28	Cortegada	8.851,26
29	Cualedro	10.993,34
30	Entrimo	14.560,98
31	Esgos	8.601,30
32	Gomesende	7.989,14
33	Gudiña, A	15.275,01
34	Irixo, O	10.190,99
35	Larouco	7.156,94
36	Laza	9.355,06
37	Leiro	10.526,86
38	Lobeira	12.187,46
39	Lobios	20.551,84
40	Maceda	15.240,25
41	Manzaneda	12.744,75
42	Maside	14.736,45
43	Melón	9.190,86

44	Merca, A	11.792,02
45	Mezquita, A	13.768,59
46	Montederramo	11.490,85
47	Monterrei	14.045,99
48	Muíños	17.530,29
49	Nogueira de Ramuín	12.280,89
50	Oímbra	10.956,09
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	9.605,16
53	Padrenda	11.023,20
54	Parada de Sil	10.027,97
55	Pereiro de Aguiar	28.305,57
56	Peroxa, A	11.138,95
57	Petín	8.265,36
58	Piñor	8.795,35
59	Pobra de Trives, A	21.715,00
60	Pontedeva	7.246,50
61	Porqueira	8.638,48
62	Punxín	7.302,61
63	Quintela de Leirado	7.765,23
64	Rairiz de Veiga	9.552,85
65	Ramirás	10.676,13
66	Ribadavia	23.058,46
67	Ríos	10.276,83

68	Rúa, A	19.953,57
69	Rubiá	10.164,87
70	San Amaro	8.414,70
71	San Cibrao das Viñas	14.089,11
72	San Cristovo de Cea	12.474,88
73	San Xoán de Río	10.010,56
74	Sandiás	8.731,91
75	Sarreaus	9.086,37
76	Taboadela	10.049,25
77	Teixeira, A	8.478,01
78	Toén	8.937,16
79	Trasmiras	9.582,70
80	Veiga, A	8.951,96
81	Verea	8.597,50
82	Verín	39.058,50
83	Viana do Bolo	28.946,00
84	Vilamarín	11.463,62
85	Vilamartín de Valdeorras	11.907,64
86	Vilar de Barrio	9.481,94
87	Vilar de Santos	7.455,62
88	Vilardevós	11.351,60
89	Vilariño de Conso	10.036,68
90	Xinzo de Limia	40.060,74
91	Xunqueira de Ambía	9.605,16

92	Xunqueira de Espadanedo	7.571,24
		1.197.500,00

ANEXO V

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Don/Dona.....,
NIF....., en nome propio, ou en representación da
entidade con
NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, ____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA O EJERCICIO 2024.

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 4º e 6º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e a abstención do Grupo Socialista (7), do BNG (3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González) e de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2024, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “BenOurense Infancia- Servizos Complementarios” en réxime de concorrencia non

competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Servizos Complementarios de atención á infancia”.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como servizo complementario de atención á infancia, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gasto de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do servizo complementario.

Para as subvencións concedidas nesta acción, resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024, por importe de 115.000,00€ (cento quince mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias.

Poderán obter subvención as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun centro que reúna as seguintes condicións:

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionado de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e unha regulación para a cobertura das prazas.
- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante 6 meses ao ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/nais ou representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.

Tamén poderán subvencionarse os servizos complementarios que se poñan en funcionamento para facilitar a conciliación laboral e familiar durante as vacacións escolares dos menores, que deberán prestar servizos 5 días á semana durante, como mínimo 1 mes, e cun horario amplo que permita dita conciliación.

Quedan expresamente excluídos de esta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

Terceira.- Contía das subvencións

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 20.000 habitantes terase en conta a clasificación, en graos, que lle corresponde segundo os criterios do anexo I e, de forma que os concellos sen prioridade demográfica presentan menor risco demográfico que os de grao 1, este menor risco demográfico que os de grao 2, sendo o de maior risco demográfico os de grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante CP), así, para os concellos sen prioridade demográfica e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia e o CP que lle corresponde a cada un.
- b) Obterase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.
- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- *Sumatorio dos CP de todos os concellos solicitantes = “C”*

- División da contía total da subvención: $105.000 / "C" = "R"$.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

CP da entidade solicitante x *"R"* = subvención que lle corresponde.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que se porán a disposición pola Área de Benestar, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentaranse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente

mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

- 1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 30 de xullo de 2024, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2024 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2024, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
2. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do/a destinatario/a.
3. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto e dos copagos das persoas usuarias do servizo.
4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2024, obxecto da presente convocatoria.

A subvención concedida xunto cos copagamento das persoas usuarias do servizo non poderán superar o 100% do custo do servizo. De ser este o caso, a subvención minorarase na contía precisa para que non supere esta porcentaxe.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos corrixibles na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de

subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos

de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á

finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2024 e 2025. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades,

que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

Décima.- Obrigas das entidades locais adheridas.

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Promover e levar a cabo accións/actuacións de sensibilización e prevención en saúde mental e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, dirixidas ás nenas e nenos que acudan ao servizo complementario de atención á infancia subvencionado.

Estas actuacións deberán ter unha duración mínima de 2 horas e ter un contido deseñado e axustado á idade do público obxectivo ao que vai dirixido.

As accións realizadas recollaranse na memoria de execución na fase de xustificación.

2.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

3.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirlle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo

como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I:

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e

- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2024.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf	Diciembre de 2022
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado: 26/ 12/ 2023
Variación da poboación (2012-2021)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado: 26/12/2023. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del Ine
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Población INE 2022- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del ine para población y del Ige para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&p	Elaboración Propia con datos de Población de 2022 (publicados el 24/01/2023, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2020-2021 y 2022 que son los definitivos a 23-06-2023

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.

1. Sen prioridade demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumplan algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con prioridade demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación secundaria dos concellos da provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os grados son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grado 1 será o de menor intensidade e o Grado 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **Grao 0**.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasifícaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2022.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “ áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas.
Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2013-2022.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2013-2022.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2013-2022
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2013-2022.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2013-2022

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2022³-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.

³ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2020,2021,2022⁴, en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estadísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRADO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

⁴ Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Serán considerado como GRADO 1 aqueles concellos que cumbran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideráraselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos con prioridade demográfica , que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2022 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2022 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II:

Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA	C.P. (coeficiente ponderación)
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	Grado 1	1
3	Arnoia, A	Grado 2	1,25
4	Avión	Grado 2	1,25
5	Baltar	Grado 3	1,5
6	Bande	Grado 2	1,25
7	Baños de Molgas	Grado 2	1,25
8	Barbadás	sen prioridade	1

9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	Grado 3	1,5
11	Beariz	Grado 3	1,5
12	Blancos, Os	Grado 3	1,5
13	Boborás	Grado 2	1,25
14	Bola, A	Grado 2	1,25
15	Bolo, O	Grado 3	1,5
16	Calvos de Randín	Grado 3	1,5
17	Carballeda de Avia	Grado 2	1,25
18	Carballeda de Valdeorras	Grado 2	1,25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	Grado 2	1,25
21	Castrelo de Miño	Grado 2	1,25
22	Castrelo do Val	Grado 3	1,5
23	Castro Caldelas	Grado 2	1,25
24	Celanova	Grado 1	1
25	Cenlle	Grado 1	1
26	Chandrexa de Queixa	Grado 3	1,5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	Grado 2	1,25
29	Cualedro	Grado 2	1,25
30	Entrimo	Grado 2	1,25
31	Esgos	Grado 1	1
32	Gomesende	Grado 3	1,5
33	Gudiña, A	Grado 2	1,25
34	Irixo, O	Grado 2	1,25
35	Larouco	Grado 3	1,5
36	Laza	Grado 2	1,25
37	Leiro	Grado 2	1,25
38	Lobeira	Grado 3	1,5

39	Lobios	Grado 2	1,25
40	Maceda	Grado 1	1
41	Manzaneda	Grado 3	1,5
42	Maside	Grado 1	1
43	Melón	Grado 2	1,25
44	Merca, A	Grado 1	1
45	Mezquita, A	Grado 2	1,25
46	Montederramo	Grado 3	1,5
47	Monterrei	Grado 2	1,25
48	Muíños	Grado 2	1,25
49	Nogueira de Ramuín	Grado 1	1
50	Oímbra	Grado 1	1
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	Grado 1	1
53	Padrenda	Grado 2	1,25
54	Parada de Sil	Grado 3	1,5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	Grado 1	1
57	Petín	Grado 2	1,25
58	Piñor	Grado 1	1
59	Pobra de Trives, A	Grado 1	1
60	Pontedeva	Grado 3	1,5
61	Porqueira	Grado 3	1,5
62	Punxín	Grado 1	1
63	Quintela de Leirado	Grado 3	1,5
64	Rairiz de Veiga	Grado 2	1,25
65	Ramirás	Grado 2	1,25
66	Ribadavia	Grado 1	1
67	Riós	Grado 2	1,25
68	Rúa, A	Grado 1	1

69	Rubiá	Grado 2	1,25
70	San Amaro	Grado 1	1
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	Grado 2	1,25
73	San Xoán de Río	Grado 3	1,5
74	Sandiás	Grado 1	1
75	Sarreaus	Grado 2	1,25
76	Taboadela	Grado 1	1
77	Teixeira, A	Grado 3	1,5
78	Toén	Grado 1	1
79	Trasmiras	Grado 2	1,25
80	Veiga, A	Grado 3	1,5
81	Verea	Grado 2	1,25
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	Grado 2	1,25
84	Vilamarín	Grado 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grado 2	1,25
86	Vilar de Barrio	Grado 2	1,25
87	Vilar de Santos	Grado 1	1
88	Vilardevós	Grado 2	1,25
89	Vilariño de Conso	Grado 3	1,5
90	Xinzo de Limia	Grado 1	1
91	Xunqueira de Ambía	Grado 1	1
92	Xunqueira de Espadanedo	Grado 2	1,25

ANEXO III:

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Don/Dona.....,

NIF....., en nome propio, ou en representación da
entidade , con
NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, _____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas

expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA- PAI PARA O EJERCICIO 2024.

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 4º e 5º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e a abstención do Grupo Socialista (7), do BNG (3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González) e de DO (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobación inicialmente das bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a Puntos de Atención á Infancia- PAI para o exercicio 2024, co seguinte teor literal:

Primeira- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención á Infancia (PAI)”. Para os efectos da presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais comunitarios específicos dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, nais, titores/as e gardadores/as dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo.

Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do PAI.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024 por importe de 115.000,00€ (cento quince mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias

Poderán obter subvención os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense, que teñan un PAI de titularidade municipal e que non estean xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

Terceira.- Contía da subvención

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 5.000 habitantes e, por iso, con posibilidade de ter xa en funcionamento un PAI e solicitar a axuda obxecto desta convocatoria, ten unha clasificación en graos obtida pola aplicación dos criterios recollidos no anexo I, sendo o concello clasificado como “sen prioridade” o de menor risco demográfico, o grao 1 de menor risco demográfico que o grao 2, e este menor que o grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante CP), así, para os concellos en grao 0 e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia de menos de 5.000 habitantes e o CP que lle corresponde a cada un.
- b) Obterase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.
- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- *Sumatorio dos CP de todos os concellos solicitantes = “C”*
- División da contía total da subvención: $105.000 / “C” = “R”$.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte: *CP da entidade solicitante x “R” = subvención que lle corresponde*.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que se porán a disposición pola Área de Benestar, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentaranse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

Unha vez examinada a documentación, a Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro

As subvencións previstas neste programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

- 1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 30 de xullo de 2024, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incursas nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2024 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2024, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
2. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
3. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.

4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.

5. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2024, obxecto da presente convocatoria.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos corrixibles na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de

subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto no apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luis Menor Pérez, con domicilio para os efectos de

notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á

finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos/ás beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2024 e 2025. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades,

que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

- 1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- 2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración

da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I:

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, conleva a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos

no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2024.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf	Diciembre de 2022
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado: 26/ 12/ 2023
Variación da poboación (2012-2021)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado: 26/12/2023. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del Ine
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Población INE 2022- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del ine para población y del Ige para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&p	Elaboración Propia con datos de Población de 2022 (publicados el 24/01/2023, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2020-2021 y 2022 que son los definitivos a 23-06-2023

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.

1. Sen prioridade demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumplan algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con prioridade demográfica: Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación secundaria dos concellos da provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **Grao 0**.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación.

Os concellos clasifícaranse en:

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2022.

2.- Situación xeográfica.

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas.
Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas.

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2013-2022.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2013-2022.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2013-2022
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2013-2022.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2013-2022

4.- Densidade demográfica municipal.

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km².
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento.

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2022⁵-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.

⁵ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade.

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2020,2021,2022⁶, en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1.

⁶ Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráse sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2.

Concellos con prioridade demográfica , que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3.

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2022 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2022 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II:

Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA	C.P. (coeficiente ponderación)
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	Grao 1	1
3	Arnoia, A	Grao 2	1,25
4	Avión	Grao 2	1,25
5	Baltar	Grao 3	1,5
6	Bande	Grao 2	1,25
7	Baños de Molgas	Grao 2	1,25
8	Barbadás	sen prioridade	1

9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	Grao 3	1,5
11	Beariz	Grao 3	1,5
12	Blancos, Os	Grao 3	1,5
13	Boborás	Grao 2	1,25
14	Bola, A	Grao 2	1,25
15	Bolo, O	Grao 3	1,5
16	Calvos de Randín	Grao 3	1,5
17	Carballeda de Avia	Grao 2	1,25
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 2	1,25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	Grao 2	1,25
21	Castrelo de Miño	Grao 2	1,25
22	Castrelo do Val	Grao 3	1,5
23	Castro Caldelas	Grao 2	1,25
24	Celanova	Grao 1	1
25	Cenlle	Grao 1	1
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3	1,5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	Grao 2	1,25
29	Cualedro	Grao 2	1,25
30	Entrimo	Grao 2	1,25
31	Esgos	Grao 1	1
32	Gomesende	Grao 3	1,5
33	Gudiña, A	Grao 2	1,25
34	Irixo, O	Grao 2	1,25
35	Larouco	Grao 3	1,5
36	Laza	Grao 2	1,25
37	Leiro	Grao 2	1,25
38	Lobeira	Grao 3	1,5

39	Lobios	Grao 2	1,25
40	Maceda	Grao 1	1
41	Manzaneda	Grao 3	1,5
42	Maside	Grao 1	1
43	Melón	Grao 2	1,25
44	Merca, A	Grao 1	1
45	Mezquita, A	Grao 2	1,25
46	Montederramo	Grao 3	1,5
47	Monterrei	Grao 2	1,25
48	Muíños	Grao 2	1,25
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1	1
50	Oímbra	Grao 1	1
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	Grao 1	1
53	Padrenda	Grao 2	1,25
54	Parada de Sil	Grao 3	1,5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	Grao 1	1
57	Petín	Grao 2	1,25
58	Piñor	Grao 1	1
59	Pobra de Trives, A	Grao 1	1
60	Pontedeva	Grao 3	1,5
61	Porqueira	Grao 3	1,5
62	Punxín	Grao 1	1
63	Quintela de Leirado	Grao 3	1,5
64	Rairiz de Veiga	Grao 2	1,25
65	Ramirás	Grao 2	1,25
66	Ribadavia	Grao 1	1
67	Riós	Grao 2	1,25
68	Rúa, A	Grao 1	1

69	Rubiá	Grao 2	1,25
70	San Amaro	Grao 1	1
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	Grao 2	1,25
73	San Xoán de Río	Grao 3	1,5
74	Sandiás	Grao 1	1
75	Sarreaus	Grao 2	1,25
76	Taboadela	Grao 1	1
77	Teixeira, A	Grao 3	1,5
78	Toén	Grao 1	1
79	Trasmiras	Grao 2	1,25
80	Veiga, A	Grao 3	1,5
81	Verea	Grao 2	1,25
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	Grao 2	1,25
84	Vilamarín	Grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 2	1,25
86	Vilar de Barrio	Grao 2	1,25
87	Vilar de Santos	Grao 1	1
88	Vilardevós	Grao 2	1,25
89	Vilariño de Conso	Grao 3	1,5
90	Xinzo de Limia	Grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 1	1
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 2	1,25

ANEXO III:

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Don/Dona.....,
NIF....., en nome propio, ou en representación da
entidade con
NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, _____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas

expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

7º.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2024/2601 DE PRÓRROGA DA ASUNCIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DOS SERVIZOS MÍNIMOS DO CONCELLO DOS BLANCOS.

A este ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, presentou unha emenda o BNG.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, fai uso da palabra para sinalar que se trata de prorrogar esta situación excepcional do concello dos Blancos que leva xa varios anos con serios problemas económicos. Engade que esta será a terceira prórroga da dispensa da prestación de servizos mínimos a este concello e que a novidade nesta caos ven nos puntos terceiro e cuarto do acordo, onde se impoñen unha serie de medidas concretas que debe adoptar o concello e se crea unha comisión de seguimento entre Deputación e Concello. Insiste en que o concello debe cumprir unhas normas que se lle impoñen neste acordo xa que son acordes coa importantísima cooperación que lle está a prestar a Deputación a este concello. Respecto á emenda de adición presentada polo grupo do BNG sinala que o Grupo Popular a vai aceptar xa que lles parece razoable.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, comeza sinalando que os gobernantes do concello dos Blancos, eran e son do PP, e que nas eleccións municipais volveu gañar por maioría absolutísima, o que lle resulta verdadeiramente estraño e interesante, e seguramente porque non se adoptaron as medidas correctivas que se tiñan que tomar. Sinala que a actitude dos gobernantes deste concello parece como se aquí non pasase nada e lle parece moi oportuno o informe da interventora da Deputación, que é demoledor, resaltando o parágrafo do informe que indica que *“O presente informe emítese co obxecto de analizar, desde o punto de vista económico-financeiro, a viabilidade da prórroga da dispensa dos servizos mínimos*

solicitada polo Concello dos Blancos, con base na documentación que obra actualmente no expediente administrativo correspondente, sen entrar a valorar outras cuestións xurídicas ou a oportunidade da concesión da prórroga” e manifesta que ogallá moitos outros interventores traballaran así.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, comeza indicando que o grupo do BNG, xa no seo das comisións informativas, trasladou os seus parabéns polos informes tanto á Intervención Provincial como á área de Medio Ambiente. Engade que hai dous anos, no debate sobre esta prórroga, xa amosara as súas dúbidas sobre a viabilidade deste concello e sobre a necesidade de novas prórrogas, e resulta que hoxe estamos de novo tramitando outra prórroga máis, e seguramente dentro de dous anos estaremos novamente con este problema enriba da mesa. Engade que os informes trasladados desde o concello dos Blancos non son os acaídos, xa que parece que a situación marcha ben, e que se van solucionar os problemas subindo o ICIO, e todo isto cando o capítulo I se incrementou nun 20 % no presente orzamento, e o capítulo II nun 70 %. Unha vez visto os informes que constan no expediente, o BNG presenta a súa emenda para que se adopten as medidas canto antes, e agradece que o grupo do PP acepte a súa emenda. Remata indicando que esta situación debe servirnos a todos os servidores públicos para entender o importante que é xestionar os recursos de todos.

1ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, sinala que novamente estamos cunha nova prórroga desta asunción pola Deputación dos servizos mínimos obrigatorios deste concello. No ano 2020, o voceiro do PP neste pleno, sinalara que o concello estaba no camiño da recuperación, xa que era quen de xerar máis ingresos que gastos sen que o notase a veciñanza. Esta afirmación ven corroborar o que levamos anos e anos defendendo desde o grupo socialista, e que é unha evidencia, que o concello dos Blancos non cumpre coas súas obrigas para solucionar a situación grave pola que atravesa, e nin reduce gastos, nin xera ingresos, nin amortiza débeda. Os informes provinciais son durísimos e deixan moi clara a situación actual do concello. O único que non é consciente da situación é o alcalde e o grupo de goberno do concello dos Blancos, que gobernaron por enriba das súas posibilidades, e que

agora si, vaise ver obrigado a adoptar medidas concretas. Sobre a emenda de adición do grupo do BNG amósanse a favor da mesma, e por responsabilidade o grupo socialista absterase na votación deste asunto.

2ª intervencións de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza agradecendo o apoio dos grupos a esta proposta e engade que este grupo de goberno adopta unhas medidas estritas e nas que se vai facer o seguimento da xestión desde concello, e tratar de solucionar pouco a pouco a situación deste concello e poder atender as demandas veciñais, sen deixar de ser estritos.

2ª intervencións de Rafael Martínez Cachefeiro, do Grupo de DO, nesta quenda, e á vista da intervención da voceira do grupo do PP, pregunta se as medidas que se estaban tomando ata o de agora, tanto no expediente de dispensa como nas dúas prórrogas autorizadas, non eran o suficientemente estritas.

2ª intervencións de Bernardo Varela López, do Grupo do BNG, comeza sinalando que parece que todos concordamos, que chegamos a unha situación que parece que entre todos imos intentar mudar, e o grupo do BNG por responsabilidade e unha aceptada a emenda, vai votar a favor da proposta. Indica que se debe lanzar unha mensaxe axitada tanto para os xestores dese concello, como para a veciñanza como para o resto de concellos da nosa provincia. Agardemos que dentro de dous anos, cando volvamos debater este asunto, a situación do concello teña mellorado.

2ª intervencións de Elvira Lama Fernández, do Grupo do PS de G-PSOE, na que sinala que se trata de facer tamén unha censura pública do alcalde do Concello dos Blancos por ter chegado a esta situación sen adoptar as medidas oportunas, e lembra que estar en política é asumir unha serie de responsabilidades e aos que nos tocou asumir funcións de goberno sabemos que hai que adoptar medidas que ás veces non son agradables, e no caso do Concello dos Blancos, é evidente que non se estaban xestionando ben os cartos públicos e agora van ter que ser os veciños os que van ter que apertar o cinto.

Quenda de peche de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza sinalando que non se lle poden botar en cara a este grupo de goberno os feitos anteriores, e que este goberno provincial vai adoptar as medidas que considera necesarias, facendo seus os criterios técnicos, para intentar axudar ao concello. Engade que non podemos desconfiar do que vota a veciñanza, xa que hoxe todo o mundo ten moitísima información. Sinala que a ningún alcalde lle gusta que a súa xestión estea intervida, pero este grupo de goberno entende que hai que tomar medidas e agradece a postura dos grupos da oposición para levar esta proposta adiante.

O Sr. presidente, intervén para matizar que está de acordo con case todo o que se dixo aquí, e lembra que en todo caso os xestores públicos debemos ser responsables, e neste caso hai que adoptar medidas concretas polo que aceptamos a emenda do BNG que vai na liña de concretar e poñer prazos ás propostas deste grupo de goberno e dos técnicos da Deputación. Como dato, e en relación coa intervención do voceiro de DO, indica que este concello é o oitavo concello máis endebedado de España, e non é o máis endebedado, pero que por elegancia non vai dicir de que partido político é ese concello.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do BNG, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7), do BNG (3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga Rodríguez) e de DO (3).

A continuación sométese a votación o ditame coa emenda de adición do BNG, e co voto favorable do Grupo Popular (12) e do BNG (2), e a abstención do Grupo Socialista (7), de DO (2) e de don Xosé Manuel Puga Rodríguez, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Ratificar a seguinte resolución da Presidencia provincial núm. 2024/2601 de data 08.03.2024. Todo isto de conformidade co previsto nos artigos 105 e 107 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 174.5 do Real decreto

lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

“Mediante acordo do Pleno da Deputación Provincial de Ourense de 22 de decembro de 2017, e coa conformidade expresa do Pleno do Concello dos Blancos, solicitouse do Consello da Xunta de Galicia que autorizase a esta Deputación a asumir a prestación dos servizos mínimos obrigatorios municipais de abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, pavimentación de vías públicas e acceso a núcleos de poboación e iluminación pública do dito concello por un prazo inicial de dous anos.

A dita asunción dos servizos municipais pola Deputación viña motivada pola gravísima situación de risco financeiro na que se atopaba o concello, que tivera que acollerse o 20 de novembro de 2017 a un préstamo concertado a través do Fondo de Ordenación do Fondo de Financiamento de Entidades Locais, a través do Instituto de Crédito Oficial, co fin de poder pagar a súa débeda vencida coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Axencia Estatal Tributaria (débeda que, naquel momento, equivalía a máis de 2,6 veces os ingresos correntes anuais do concello). A concertación do dito préstamo someteuse, por parte do Ministerio de Facenda e Función Pública, á execución dun plan de axuste, con vixencia ata 2027, no que se prevían unha serie de medidas de redución de gastos, entre as que destaca a asunción pola Deputación dos servizos mínimos obrigatorios citados anteriormente.

Mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia de 1 de febreiro de 2018, e ao abeiro do disposto no artigo 84 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, autorizouse a asunción de servizos solicitada. O dito acordo foi obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia, núm. 52, de 14 de marzo de 2018, con efectos a partir do día seguinte da dita publicación, e con vixencia ata a data 14 de marzo de 2020, sen prexuízo da previsión expresa da posibilidade da prórroga da situación de asunción dos servizos para períodos de dous anos durante o período de vixencia do plan de axuste do Concello, no caso de que subsistan as causas que o motivaron e non existan fórmulas alternativas para garantir a prestación dos servizos no marco do plan de axuste.

Deste xeito, o pleno da Deputación en sesión celebrada na data 28 de febreiro de 2020, acordou solicitarlle ao Consello da Xunta de Galicia a prórroga, ata o 14 de marzo de 2022, da autorización de asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos; autorización que foi acordada polo Consello de Xunta de Galicia na súa reunión de data 12 de marzo de 2020.

Posteriormente, o pleno provincial en sesión de data 25.02.2022 adoptou un novo acordo de solicitarlle ao Consello da Xunta de Galicia a prórroga, ata o 14 de marzo de 2024, da autorización de asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos; autorización que foi acordada polo Consello de Xunta de Galicia na súa reunión de data 10 de marzo de 2022.

Con data 05.03.2024, a Alcaldía do concello de Os Blancos remitiu documentación relativa a unha nova prórroga da dispensa, motivada por un informe desa data da secretaría-intervención do Concello no que conclúe que “...de manterse a dispensa de servizos e de manter a disciplina no gasto municipal, é posible cumprir co plan de amortización e chegar a sanear completamente o Concello de Os Blancos para o ano 2050. De non manterse a dispensa de servizos ou non manter a disciplina e control do gasto, a viabilidade do Concello é imposible nun marco temporal a medio prazo, volvendo para o ano 2030 a unha situación similar a existente no ano 2014...”.

Na data 07.03.2024 incorporouse ao expediente administrativo informe emitido pola intervención provincial, no que trala análise da documentación remitida polo concello, se propoñen unha serie de medidas correctoras tendentes a mudar a situación económico-financeira do concello: incremento de tarifas do IVTM, incremento do tipo de gravame do IBI de natureza urbana, acordo de imposición do IIVTNU, destino do Plan Provincial a amortización de débeda, e supresión das subvencións e transferencias do capítulo IV do Orzamento.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

1º. Elevar a presente resolución da Presidencia á súa ratificación polo pleno provincial, todo isto de conformidade co previsto nos artigos 105 e 107 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, en relación co artigo 174.5 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2º. De autorizalo o pleno, solicitarlle ao Consello da Xunta de Galicia a prórroga, ata o 14 de marzo de 2026, da autorización de asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos, conferida por acordo do Consello de 1 de febreiro de 2018 e publicada no DOG núm. 52 de data 14.03.2018, e prorrogada polo acordos do Consello da Xunta de datas 12 de marzo de 2020 e 10 de marzo de 2022.

3º. Establecer como condición para futuras prórrogas da asunción dos servizos mínimos municipais do Concello dos Blancos, a adopción polo concello, antes da data de finalización da presente prórroga dos acordos municipais procedentes e tendentes a:

- *Incremento da cota tributaria do Imposto sobre vehículo de tracción mecánica mediante a aplicación do coeficiente máximo recollido no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e supresión das bonificacións potestativas recollidas na ordenanza municipal deste imposto.*
- *Incremento do tipo de gravame do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana ata o 0.9 %.*
- *Acordo de imposición e ordenación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.*
- *Destinar a cantidade prevista a favor do Concello dos Blancos no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais da Deputación á amortización de débeda, ata o límite previsto nas bases reguladoras.*
- *Non conceder ningún tipo de subvención nin transferencia imputable ao capítulo 4º do estado de gastos do orzamento municipal.*
- *Tramitar, antes da data 31.07.2024, e asumir o pagamento das subministracións eléctricas seguintes:*

ES0022000007168376WE	OV AGUIS, CONCELLO OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32634
ES0022000007126600AZ	ZN NOCEDO, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32632
ES0022000007168395AH	OV LOURESES 2, CONCELLO OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE
ES0022000004982923LY	OV OS BLANCOS JL BALTAR, SN OS BLANCOS OURENSE 32634
ES0022000008373852CE	OV NOVEAS, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32632
ES0022000004982944CG	OV COVELAS 1, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32634

4º. Para os efectos de seguimento das medidas indicadas no parágrafo anterior, constitúese unha comisión de seguimento, que terá carácter paritario e estará integrada por representantes políticos e técnicos do concello e da Deputación, correspondendo a presidencia da comisión á Deputación Provincial. A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

No non disposto neste acordo, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Son funcións da comisión o seguimento da execución do acordo, a emisión de informe sobre a interpretación do acordo, en caso de discrepancia entre as partes e a resolución de discrepancias entre as partes

A comisión reunirase previa convocatoria pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto”.

A actual autorización outorgada polo Consello da Xunta de Galicia para a asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos finaliza o próximo 14.03.2024.

Ao abeiro do disposto no artigo 39.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, a eficacia do acordo de prórroga que adopte o pleno, se procede, retrotraese á dita data do 14 de marzo de 2024. As razóns que xustifican esta medida excepcional son a necesaria articulación da cooperación e asistencia económica desta Deputación ao Concello, así como a concorrencia de causa xustificativa para a dita prórroga, ao estar o concello nunha situación económica de grave risco financeiro, como queda acreditado no expediente coa documentación remitida polo concello na data 05.03.2024.

A retroactividade é posible ao concorrer todos os requisitos establecidos no citado artigo 39.3 da LPAC, xa que o acordo de prórroga produce efectos favorables para o concello interesado, xa que permite o mantemento da prestación dos servizos mínimos municipais incluídos na dispensa pola Deputación provincial, e os supostos de feito necesarios existen na data a que se retrotrae a eficacia do acordo (solicitude en prazo do concello e aceptación pola Deputación Provincial mediante resolución da Presidencia, e o referido acordo non lesiona dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

2º. Solicitalle ao Consello da Xunta de Galicia a prórroga, ata o 14 de marzo de 2026, da autorización de asunción pola Deputación Provincial de Ourense da prestación dos servizos

mínimos obrigatorios do Concello dos Blancos, conferida por acordo do Consello de 1 de febreiro de 2018 e publicada no DOG núm. 52 de data 14.03.2018, e prorrogada polo acordos do Consello da Xunta de datas 12 de marzo de 2020 e 10 de marzo de 2022.

3º. Establecer como condición para futuras prórrogas da asunción dos servizos mínimos municipais do Concello dos Blancos, a adopción polo concello, antes da data **de finalización da presente prórroga** dos acordos municipais procedentes e tendentes a:

- Incremento da cota tributaria do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica mediante a aplicación do coeficiente máximo recollido no artigo 95.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e supresión das bonificacións potestativas recollidas na ordenanza municipal deste imposto.
- Incremento do tipo de gravame do Imposto sobre bens inmoables de natureza urbana ata o 0.9 %.
- Acordo de imposición e ordenación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- Destinar a cantidade prevista a favor do Concello dos Blancos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación á amortización de débeda, ata o límite previsto nas bases reguladoras.
- Non conceder ningún tipo de subvención nin transferencia imputable ao capítulo 4º do estado de gastos do orzamento municipal.
- Tramitar, antes da data 31.07.2024, e asumir o pagamento das subministracións eléctricas seguintes:

ES0022000007168376WE	OV AGUIS, CONCELLO OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32634
ES0022000007126600AZ	ZN NOCEDO, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32632
ES0022000007168395AH	OV LOURESES 2, CONCELLO OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE
ES0022000004982923LY	OV OS BLANCOS JL BALTAR, SN OS BLANCOS OURENSE 32634
ES0022000008373852CE	OV NOVEAS, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32632
ES0022000004982944CG	OV COVELAS 1, CONC OS BLANCOS SN OS BLANCOS OURENSE 32634

4º. Para os efectos de seguimento das medidas indicadas no parágrafo anterior, constitúese unha comisión de seguimento, que terá carácter paritario e estará integrada por representantes políticos e técnicos do Concello e da Deputación, correspondendo a presidencia da comisión á Deputación Provincial. A secretaría da comisión – coas funcións propias de secretaría de actas – será exercida por un funcionario da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

No non disposto neste acordo, será de aplicación ao réxime de funcionamento da comisión as normas sobre funcionamento dos órganos colexiados das administracións públicas recollidas nos artigos 15 a 19 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Son funcións da comisión o seguimento da execución do acordo, a emisión de informe sobre a interpretación do acordo, en caso de discrepancia entre as partes e a resolución de discrepancias entre as partes

A comisión reunirase trala convocatoria previa pola Presidencia, por iniciativa propia ou a pedimento do Concello, nun prazo máximo de quince días hábiles dende a solicitude da súa convocatoria.

As funcións da comisión de seguimento non exclúen a competencia da Deputación para resolver de forma definitiva en vía administrativa as cuestións sometidas a informe da comisión, nos supostos en que esta non acade un acordo ao respecto.

5º Axendarase a maior brevidade legal posible a posta en marcha destas medidas correctoras, propostas polos servizos técnicos da Deputación Provincial de Ourense, de tal xeito que todas elas estean xa operativas o 1 de xaneiro do ano 2025.

8º.- CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA OURENSE COLLE VELOCIDADE, VILAS HISTÓRICAS E TERMAIS” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Este asunto foi ditaminado favorablemente na Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente.

Prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, toma a palabra para indicar que este asunto xa foi explicado na comisión informativa e que unha vez que se asine este convenio, suporá unha achega do 100 % de Fondos Europeos Next Generation, no que trataremos de ser eficientes. Esta solicitude tivo moi boa nota no procedemento de concorrència competitiva e que supón a concesión desta subvención. Engade que a Xunta de Galicia xa aprobou no día de onte o texto deste convenio, e que unha vez aprobado por esta Deputación, deberá ser asinado entre ambas as dúas institucións.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, pregunta se este convenio ten algo que ver co Plan de sustentabilidade turística que ía converter este Pazo Provincial nun gran balneario.

1ª intervención de María José Mangana Guede, do BNG, fai uso da palabra para recoñecer que é un convenio cun texto bastante aburrido pero que supón que 1.500.000,00 € se invistan en turismo nesta provincia. Sinala que a nosa provincia ten un gran atractivo turístico (natureza, patrimonio, arte) que non está suficientemente explotado. A chegada do AVE danos un pulo importante pero debemos insistir. Pregunta se se trata dunha errata a referencia a que se van entregar 677.040,00 € na anualidade de 2025 cando no apartado das achegas sinala que son 695.040,00 €. Por último pregunta se vai ser o INORDE o que xestione a execución do convenio, e remata indicando que o grupo do BNG vai votar a favor da aprobación deste convenio.

1ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, sinala que o seu grupo considera que é moi beneficioso que veñan este tipo de convenios a este pleno e que a Deputación poida así dispor e executar fondos europeos, polo que o grupo socialista vai facilitar a súa aprobación cunha abstención, xa que consideran que debemos concretar estas liñas de actuación, e que teñen interese en saber onde se van facer os investimentos que

figuran no convenio, lembrando as dificultades do sector termal en Ourense, o que indica que ata o de agora non se fixeron ben as cousas, xa que hai outros espazos que si que despegaron, polo que debemos traballar todos da man, concellos e Deputación, na oferta termal.

2ª intervención de Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, comeza agradecendo a postura da oposición neste asunto, se ben insiste en que o grupo de goberno e a Deputación tentarán ser eficientes na xestión do convenio. A cifra é como se dixo de 1.500.000,00 € e as liñas de actuación veñen especificadas no texto do convenio remitido coa convocatoria.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, fai uso da palabra para indicar que o seu grupo se vai abster neste asunto. Engade que comparte o manifestado polo voceiro socialista no sentido de que a política termal feita ata o de agora non funciona e se está tirando moitísimo diñeiro. Sinala que o Balneario de Molgas quedou a un prezo accesible e que valorarán traer unha moción para que a Deputación valore a súa compra.

2ª intervención de María José Mangana Guede, do BNG, sinala que os recursos europeos son moi necesarios para impulsar o termalismo nesta provincia, e que lle chama a atención o discurso do grupo de DO de adquirir o complexo Balneario de Baños de Molgas, cando desde o Concello de Ourense se privatiza todo o que ten que ver co termalismo alegando que non é rendible. Insiste en que a xestión do sector termal polas AAPP nesta provincia non está a ser a idónea e acorde co noso potencial como provincia termal, e na cidade de Ourense o termalismo está abandonado desde que DO está na alcaldía no concello. O grupo Caldaria acaba de anunciar que vai transformar un balneario nun xeriátrico e o complexo de Baños de Molgas vai converterse en apartamentos turísticos. Indica que do texto do convenio non pode saberse onde se van localizar os investimentos dos diferentes eixos de actuación que figuran no convenio, preguntando se as sendas peonís van incluír tamén concellos limítrofes dos que reúnan as características termais e históricas do convenio.

2ª intervención de Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, recalca que o grupo socialista está moi contento desta captación de fondos europeos, e lembra que no eido termal

as cousas non se están a facer como se debera e que os resultados así o amosan, polo que o grupo socialista sempre vai estar para buscar solucións e melloras para a provincia.

Quenda de peche de Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, na que insiste na importancia deste convenio plurianual e que este ano 2024 xa é un ano de execución. Remata indicando que este convenio non inclúe á cidade de Ourense.

Intervén o Sr. presidente, para precisar que esta administración provincial está facendo os seus deberes captando fondos para mellorar a nosa provincia, e que desde a presidencia de vilas termais da FEMP que ocupa, lembra que moitos programas como o do termalismo ou a soidade non desexada, ou termalismo inclusivo, son pioneiros a nivel nacional e copiados por outras AAPP. En todo caso debemos intentar mellorar, na medida do posible, para que o termalismo potencie a nosa provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e do BNG (3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González) e a abstención do Grupo Socialista (7) e de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA A EXECUCIÓN DO “PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA OURENSE COLLE VELOCIDADE, VILAS HISTÓRICAS E TERMAIS” NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU, co seguinte tenor literal:

REUNIDOS

Por unha banda, D. Antonio Casas Calviño, xerente da Axencia de Turismo de Galicia, e por suplencia do director, en virtude do artigo 19.6 dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de

outubro) e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos).

E da outra, Luis Menor Pérez, na súa calidade de presidente da **Deputación Provincial de Ourense**, en uso das atribucións que lle veñen conferidas polo acordo plenario de data 17.07.2023, de elección do seu Presidente, artigo 34.1.b da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local e actuando en uso das competencias atribuídas polos artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

1. O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de

recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveis da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de

Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

3. Neste contexto, e co fin de permitir a execución do compoñente 14 do citado Plan de Recuperación, promoveuse a elaboración da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos (en diante, a Estratexia) que foi ratificada en Conferencia Sectorial de Turismo o 28 de xullo de 2021 e que articula mecanismos de cooperación entre Administracións Públicas -estatal, autonómica e local- para a consecución de fins comúns e a resolución de problemas transversais, impulsando a transformación verde e dixital no sector turístico, así como a mellora na súa competitividade. Un deses mecanismos materialízase no Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, principal actuación do Plan de competitividade e modernización do sector turístico que se caracteriza polo carácter excepcional do seu financiamento, que procede na súa totalidade dos fondos europeos e que debe implicar unha maior ambición transformadora, e, tamén, por unha serie de especificidades en canto ao seu ámbito de aplicación, limiares mínimos de investimento ou procedemento de presentación das propostas, aprobación, execución e xustificación de subvencións. Este Programa Extraordinario, conforme recolle a Estratexia, ten a súa concreción operativa nos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destinos (PSTD) que se configuran como mecanismos de actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Entidades Locais e as Comunidades autónomas co obxectivo de avanzar na transformación dos destinos turísticos desde un modelo participado de gobernanza multinivel. Neste sentido, durante os primeiros dous anos de vixencia do citado Programa Extraordinario, a Conferencia Sectorial de Turismo aprobou os plans territoriais de sustentabilidade turística de Galicia correspondentes ás convocatorias dos anos 2021 e 2022. Iniciado o terceiro e último ano da vixencia do Programa Extraordinario, acometeuse a elaboración do Plan Territorial de Sustentabilidade

Turística de Galicia 2023 que inclúe, neste exercicio, tamén o importe correspondente ao Plan Nacional, e que, así mesmo, se realizou con estrito cumprimento dos distintos fitos regulados no documento de Estratexia de Sustentabilidade Turística en destinos, sendo de novo a Secretaría de Estado para o Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia, os órganos encargados de analizar e valorar as solicitudes recibidas conforme aos criterios de valoración recollidos na Estratexia.

4. A Resolución do 22 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia instrumentase ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

Con data de 27 de xaneiro de 2023 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2023, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os criterios de distribución referidos, incluídos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, foron sometidos a votación das comunidades autónomas e aprobados por unanimidade na Conferencia Sectorial celebrada o 9 de maio de 2023. En función das puntuacións e da súa proporción sobre o total, determínase a asignación máxima de recursos para o ano 2023.

O Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional.

5. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

6. Conforme se indica no apartado 8.1.1 da Estratexia, o ente xestor dos PSTD debe ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:
 - O Municipio.
 - A Provincia.
 - A Illa nos arquipélagos balear e canario.

- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As Áreas metropolitanas.
- As Mancomunidades de Municipios.

Igualmente, as comunidades autónomas poderán establecer como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica como, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local.

As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos.

7. A Deputación de Ourense concorreu á convocatoria extraordinaria do Plan Nacional, presentando un proxecto baixo o título de “Plan de Sustentabilidade Turística Ourense colle velocidade, vilas históricas e termas ” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria.

Inclúe as seguintes actuacións: adecuación de sendeiros termas; mellora da senda peonil; ecoaloxamento en concellos con potencial termal ou con cascos históricos; mellora e ampliación da infraestrutura ciclista; descarbonización en cascos históricos; plan de marketing online Ourense Turístico-Termal; plan de sinalización intelixente e accesible en cascos

históricos; smart office Ourense DTI; plan de mellora de equipamentos públicos para usos turísticos; secretaría técnica.

A dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia de Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración e por iso, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.

8. Para facer efectiva esta transferencia de fondos, faise necesario recorrer aos mecanismos do anticipo reembolsable e ao mecanismo excepcional que o artigo 10 do *Real Decreto-ley 25/2020, de 3 de julio, de medidas urgentes para apoyar la reactivación económica y el empleo* cando concorren evidentes razóns extraordinarias de interese público e social. Circunstancias que se poñen de manifesto nesta iniciativa extraordinaria de carácter singular. A tal fin, as actuacións específicas previstas neste Convenio —execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino da Deputación de Ourense do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022—, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación á Deputación de Ourense, o instrumento de intervención é o Plan de Sustentabilidade Turística Ourense colle velocidade, Vilas históricas e Termas, por un importe de 1.500.000 euros.

9. O Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor da Deputación de Ourense, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable”.

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do Convenio Administrativo previsto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor da Deputación de Ourense.

En virtude do que antecede, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o “Plan de Sustentabilidade Turística Ourense colle velocidade, vilas históricas e termais” da Deputación de Ourense, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade

Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Segunda.- Natureza

1. A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes articúlase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalizaranse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e os compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da

xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de *Presupuestos Generales del Estado* para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3. Adecuación a etiquetas climáticas

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 37% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.I1, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Mellora senda peonil 075

Mellora e ampliación da infraestrutura ciclista 075

Ecoalojamento en concellos con potencial termal ou con cascos históricos 027

Descarbonización en Cascos Históricos 073

075: Infraestrutura para bicicletas

027: Apoio ás empresas que prestan servizos que contribúen á economía con baixas emisións de carbono e á resiliencia fronte ao cambio climático, incluídas as medidas de sensibilización

073: Infraestrutura de transporte urbano limpo

As seguintes actuacións, tamén do eixe 1 e 2, están identificadas con etiquetaxe climática 40%

Adecuación de sendeiros termals	050
---------------------------------	-----

050: Protección da natureza e a biodiversidade, patrimonio e recursos naturais, infraestruturas verdes e azuis.

Como alternativa, segundo a Resolución do 29 de decembro de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo do 39 de decembro de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco da Compoñente 14 Inversión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, os criterios de sección garantirán que polo menos 1.788,6 millóns EUR contribúan aos obxectivos relacionados co cambio climático con, en promedio, un coeficiente climático de polo menos o 31,7% de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello.

Terceira.- Custo das actuacións e gastos subvencionables

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 1.500.000 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:

Eixes programáticos	Nº	Actuacions	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Anualidade 2026	Total
Eixe 1. Transición Verde e sostible	1.1	Adecuación de sendeiros termais	50.000,00 €	100.000,00 €	30.000,00 €	180.000,00 €
	1.2	Mellora senda peonil	18.000,00 €	70.000,00 €	82.000,00 €	170.000,00 €
	1.3	Eco-aloxamento en concellos con potencial termal ou con cascos históricos	18.000,00 €	106.000,00 €	106.000,00 €	230.000,00 €
	TOTAL Eixe 1		86.000,00 €	276.000,00 €	218.000,00 €	580.000,00 €
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxetica	2.1	Mellora e ampliacion da infraestrutura ciclista	36.000,00 €	16.000,00 €	20.000,00 €	72.000,00 €
	2.2	Descarbonización en cascos históricos	18.000,00 €	100.000,00 €	132.000,00 €	250.000,00 €
	TOTAL Eixe 2		54.000,00 €	116.000,00 €	152.000,00 €	322.000,00 €
Eixe 3. Transición dixital	3.1	Plan de Marketing online Ourense Turístico-Termal	21.000,00 €	25.320,00 €	25.000,00 €	71.320,00 €
	3.2	Plan de Sinalización intelixentes e Accesible en cascos históricos	18.000,00 €	15.000,00 €	82.000,00 €	115.000,00 €
	3.3	Smart Office Ourense DTI	18.000,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	54.000,00 €
	TOTAL Eixe 3		57.000,00 €	58.320,00 €	125.000,00 €	240.320,00 €
Eixe 4. Actuaciones en el ámbito de la Competitividad	4.1	Plan de mellora de equipamentos públicos para uso turísticos	18.000,00 €	200.000,00 €	82.000,00 €	300.000,00 €
	4.2	Secretaria Técnica	7.880,00 €	26.720,00 €	23.080,00 €	57.680,00 €
	TOTAL Eixe 4		25.880,00 €	226.720,00 €	105.080,00 €	357.680,00 €
	TOTAL:		222.880,00 €	677.040,00 €	600.080,00 €	1.500.000,00 €

Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia de Turismo de Galicia, esta anticipará á Deputación de Ourense o importe correspondente ao financiamento deste convenio. Por unha banda anticiparase a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente as anualidades 2025 e 2026.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. O importe do anticipo transferirase á Deputación no prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio.

A achega da Axencia de Turismo de Galicia efectuarase do seguinte xeito:

-O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», por un importe de 204.880,00€ conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo das anualidades 2025 e 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.821.06, proxecto 2022 00001, por un importe de 695.040,00€ para a anualidade 2025 e por un importe de 600.080,00€ para a anualidade 2026.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación queda exonerado da constitución de garantía.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirira a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD da Deputación de Ourense financiaranse con fondos da Unión Europea-NextGenerationEU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión

Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiáveis todos aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade, destíñense a alcanzar o fito 221 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiáveis:

- a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
- b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiáveis.
- c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilite a utilización adecuada do equipamento adquirido.
- d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionables sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non sería elixible.
- e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la *Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones*, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos

cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiáveis:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2024.

Cuarta.- Obrigas da Axencia de Turismo de Galicia

1.- A **Axencia de Turismo de Galicia** no exercicio das súas competencias e en virtude do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades

locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegará en 2024 á entidade local beneficiaria a cantidade de 1.500.000 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 e 04.A2.761A.821.06 e segundo o establecido na cláusula terceira.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a transferencia e a aplicación dos fondos percibidos ante a Secretaría de Estado de Turismo. Para iso, velará por que os proxectos adxudicados sexan executados conforme aos requisitos esixibles.

Igualmente, cumprirá as instrucións que tanto a Secretaría de Estado de Turismo como calquera órgano ou autoridade competente lle dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea como nacional, que puidese aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do PRTR.

3.-A Comunidade Autónoma de Galicia asume a responsabilidade en canto ao seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do PRTR, de acordo co disposto no artigo 46 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro. Ademais, asume as obrigacións de información e rexistro da consecución dos correspondentes fitos e obxectivos nos termos previstos no artigo 3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como o resto de obrigacións establecidas na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproxecto:

1.-De conformidade co disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a

financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fítos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.

Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
- f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. E no enlace <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

A este respecto, a entidade local beneficiaria actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, publicado no BOP núm. 82 de data 9 de abril de 2022, e dispoñible no enlace electrónico seguinte:

<https://bop.depourense.es/portal/consulta?fecha=20220409>

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos. No enlace <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade

institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervenientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

Así mesmo, as persoas decisoras da operación deberán asinar electronicamente as DACI (modelo A2) respecto das persoas participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, de acordo co establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Esta formulación realizarase, unha vez coñecidas as ditas persoas participantes, pola persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables:

- Órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.
- Órgano competente para a concesión de subvencións e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Axencia de Turismo de Galicia considere pertinentes ao longo do proceso de execución e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Fiscalía Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas da Unión Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a

través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando tanta información e documentación lles sexa requirida.

e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia tanta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV.B).

- Declaración responsable relativa ao cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV.C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigaón de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde o pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación, ou por un período de tres anos, cando o importe do financiamento sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de

acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.

m) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respetaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Sexta.- Actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, infraestruturas

1.- Nas actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos e infraestruturas, deberánse ter en conta as seguintes condicións específicas do DNSH:

- Para prevención e o control da contaminación: realizar unha avaliación de impacto ambiental (AIA) de cada un dos investimentos da medida de acordo coa Directiva da AIA e a normativa nacional de avaliación de impacto ambiental, e identificaranse e incluírán no deseño de cada proxecto todas as medidas de mitigación necesarias para a prevención e o control da contaminación do chan e da auga. Cando se instalen aparatos de auga, estes terán unha etiqueta de produto existente na Unión. Para evitar o impacto da obra, identificaranse e abordaranse os riscos de degradación ambiental relacionados coa preservación da calidade da auga e a prevención do estrés hídrico, de acordo cun plan de xestión do uso e protección da auga.
- Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas sobre a base da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción que poidan entrar en contacto cos usuarios emitirán menos de 0,06 mg de formaldehído por m³ de material ou compoñente e menos de 0,001 mg de compostos orgánicos volátiles canceríxenos de categorías 1A e 1B por m³ de material ou compoñente, previa proba de acordo con CEN/TS 16516 e ISO 16000-3 ou outras condicións de proba estandarizadas e métodos de determinación comparables. Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.
- Para a prevención e o control da contaminación e protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas: Cando as actuacións de rehabilitación teñan lugar en áreas sensibles á biodiversidade (incluída a rede Natura 2000 de áreas protexidas, sitios do Patrimonio Mundial da UNESCO e áreas clave para a biodiversidade, así como outras áreas

protexidas) ou en áreas próximas, requirirase o cumprimento dos artigos 6 (3) e 12 da Directiva de hábitats e o artigo 5 da Directiva de aves. Ademais, cando sexa preceptivo, levará a cabo unha Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) de acordo coa Directiva AIA.»

- Para mitigación do cambio climático: Na rehabilitación de edificios terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo, permitindo reducir de forma significativa o consumo de enerxía primaria non renovable.

- Para adaptación ao cambio climático: As medidas de rehabilitación permitirán contribuír á adaptación dos edificios ao cambio climático, adoptando as solucións de adaptación que sexan posibles no marco das opcións que permita a edificación existente e a súa protección no caso de que sexan edificios protexidos, como a utilización de cubertas vexetais, toldos, zonas de sombreado, etc.

- Para transición a unha economía circular:

1. Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados, nas actuacións previstas neste investimento, será preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

2. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación

selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.

3. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

Sétima.- Condicións e amortización do anticipo reembolsable.

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes:

O tipo de xuro é do 0%, e

O prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de maio de 2026.

2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo reembolsable.

Oitava.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; á normativa en materia de axudas de Estado, así como ao establecido na Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, e na Ordes HFP 1030/2021 e HFP 1031/2021, do 29 de setembro.

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a Deputación para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante a Deputación, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

No caso de que subcontrate parte ou a totalidade da actividade obxecto do convenio haberá de prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente».

As entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis esixentes en relación ás normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, así como a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «Do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente.

A entidade local beneficiaria deberá identificar os contratistas e subcontratistas, de maneira que incluírán nos procedementos de licitación o seguintes extremos.

a) NIF do contratista ou subcontratistas.

- b) Nome ou razón social.
- c) Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión.
- f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

Novena.- Comisión de seguimento

1. Para o control e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.
2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:
 - Dous representantes da Comunidade Autónoma.

- Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.

Décima.- Prazo e forma de xustificación

1. A Deputación de Ourense, finalizada a execución (en todo caso antes de 31 de maio 2026), presentará a xustificación ante a Axencia de Turismo de Galicia como data límite o 31 de maio de 2026, e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda se outorgue conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
- c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
- d) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deba solicitar o beneficiario.
- e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.

f) Certificado emitido pola Deputación que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como o informe emitido pola Intervención.

g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.

h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou, no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

5. A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística no cuarto trimestre de 2024:

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos destinaranse a financiar medidas que aborden a transición verde, a

sustentabilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional, deberán estar finalizados no segundo trimestre 2026.

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Décimo primeira.- Publicidade e difusión

1. A entidade local beneficiaria da axuda deberá cumprir coas seguintes obrigacións en materia de publicidade:

a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme coa normativa europea e nacional que resulte aplicable segundo o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 polo que se regula o MRR e, especificamente, coas do artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

b) Nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberánse incluír os seguintes logos:

- 1.º O emblema da Unión Europea,
- 2.º Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU»;

3.º No enlace <https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/comunicacion/> pode descargarse o manual de comunicación para xestores e persoas beneficiarias dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

c) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá incluír que foron financiadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia.

d) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá usar como medio de difusión o logo do Plan de Recuperación, dispoñible no link <http://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>.

2.- No seu caso, todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público, e o texto deberá estar redactado nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo segunda.- Incumplimento e reintegro

1. A constatación de que a entidade beneficiaria non utilizou a subvención da Axencia de Turismo de Galicia para o destino específico para o que se solicitou e concedeu, non realice a actuación que deu orixe á subvención, non xustifique a súa aplicación aos fins determinados para os que se interesou ou, en xeral, da existencia de calquera suposto de incumplimento das condicións que motivaron a concesión da subvención, a negativa para facilitar o labor de inspección e o non cumprimento das obrigacións atribuídas ás persoas beneficiarias, dará lugar previa audiencia ao interesado, á declaración de perda do dereito á percepción da subvención e, no seu caso, á obrigación de reintegrar á Tesoureira Xeral autonómica as cantidades percibidas, máis os intereses legais que procedan, de conformidade e nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Deputación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

No caso de que proceda a devolución anticipada do anticipo reembolsable estarase ao establecido na cláusula décima.

De igual modo, de conformidade co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, que tivo lugar o día 21 de decembro de 2021, na que se aproban os criterios de repartición e distribución territorial de créditos destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, levará consigo a devolución total ou parcial das cantidades percibidas:

a) Non lograr, en todo ou en parte, os obxectivos previstos: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

b) Non poder acreditarse o logro dos obxectivos por falta de fiabilidade dos indicadores reportados: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

c) Calquera irregularidade que afecte a medidas baixo a súa responsabilidade determinada en calquera control desenvolvido por autoridades nacionais ou comunitarias que recaia sobre aquelas e que impida o retorno de fondos ao Tesouro: reintegro do importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

d) Non utilización das cantidades recibidas para as medidas para as que se transferiron: reintegro de fondos ao Estado polo importe indebidamente utilizado.

2. Así mesmo, proceden o reintegro de fondos polas súas especiais condicións en caso de incumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo», da etiquetaxe dixital ou ambiental ou das condicións recollidas na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España e no Compoñente 14.

3. Cando o cumprimento polas entidades beneficiarias se aproxime de modo significativo ao

cumprimento total, entendo por tal a adecuada satisfacción do obxectivo perseguido coa concesión da axuda, e se acredite pola entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos por atoparse en fase final de execución as actuacións obxecto da subvención, a cantidade para reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra n) do apartado 3 do artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. O órgano competente para esixir o reintegro da subvención concedida será a persoa titular da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento

A percepción destas axudas non é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, entes públicos ou privados.

Décimo cuarta.- Protección de datos

As partes asinantes están obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías de dereitos dixitais.

As citadas obrigacións subsistirán aínda despois de terminado o proxecto de referencia.

No presente convenio, será responsable do tratamento a Axencia de Turismo de Galicia nos termos establecidos na normativa referenciada e coas obrigacións e condicionamentos que a mesma establece.

Décimo quinta.- Análise de riscos de conflito de intereses

1 Ao tratarse dun convenio con persoas beneficiarias determinadas xa coñecidas, aplícase o réxime xeral de conflito de intereses previstos na Orde HFP/1030/2021.

2 Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web <https://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>. Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-ciudadania?langId=gl_ES). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

3. Na loita contra a fraude a Axencia de Turismo de Galicia actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, que se aplica a esta convocatoria. A ligazón ao citado plan no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia é a seguinte:

https://transparencia.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1792070&name=DLFE-47458.pdf.

Décimo sexta.- Extinción e resolución

1.- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Serán causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia estipulado.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo dun mes coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na normativa.

3.- Serán causas de extinción do convenio, en relación co anticipo reembolsable, o incumprimento das condicións impostas ao prestatario, ben en relación coas actuacións para executar e co fin para cumprir, ben en relación coa amortización do préstamo.

Se o incumprimento fose imputable ao organismo beneficiario ou denunciase este o convenio, deberá devolver a totalidade do importe anticipado cos intereses de demora correspondentes á vez que estivese á súa disposición, nos termos que determine a Axencia de Turismo de Galicia, sen prexuízo do tratamento que, respecto ao destino dos fondos da Unión Europea, estableza a normativa comunitaria.

4.- Con todo, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións que nese momento estean iniciadas, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a súa continuación ata a súa completa terminación, xustificación e liquidación conforme ás cláusulas contidas no convenio, conforme ao establecido no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.- En caso de resolución do convenio por incumprimento total ou parcial das súas obrigacións por parte da entidade beneficiaria, esta deberá reintegrar á Axencia de Turismo de

Galicia as cantidades que percíbise como achega económica do convenio.

Décimo sétima.- Vixencia

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de maio de 2026.

2.- En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, conforme ao disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo oitava.- Xurisdición competente

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste, de acordo coas previsións dos artigos 11.1. c) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade, as partes intervenientes asinan o presente convenio

Pola Axencia de Turismo de Galicia. Antonio Casas Calviño

Pola Deputación de Ourense. Luis Menor Pérez

ANEXO I Actuacións, calendario de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e orzamento desagregado, por anualidades.

Eixes programáticos	Nº	Actuacions	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Anualidade 2026	Total
Eixe Transición Verde sostible	1.1	Adecuación de sendeiros termais	50.000,00 €	100.000,00 €	30.000,00 €	180.000,00 €
	1.2	Mellora senda peonil	18.000,00 €	70.000,00 €	82.000,00 €	170.000,00 €
	1.3	Eco-aloxamento en concellos con potencial termal ou con cascos históricos	18.000,00 €	106.000,00 €	106.000,00 €	230.000,00 €
	TOTAL Eixe 1		86.000,00 €	276.000,00 €	218.000,00 €	580.000,00 €
Eixe Mellora eficiencia enerxética	2.1	Mellora e ampliacion da infraestrutura ciclista	36.000,00 €	16.000,00 €	20.000,00 €	72.000,00 €
	2.2	Descarbonización en cascos históricos	18.000,00 €	100.000,00 €	132.000,00 €	250.000,00 €
	TOTAL Eixe 2		54.000,00 €	116.000,00 €	152.000,00 €	322.000,00 €
Eixe Transición dixital	3.1	Plan de Marketing online Ourense Turístico-Termal	21.000,00 €	25.320,00 €	25.000,00 €	71.320,00 €
	3.2	Plan de Sinalización intelixentes e Accesible en cascos históricos	18.000,00 €	15.000,00 €	82.000,00 €	115.000,00 €
	3.3	Smart Office Ourense DTI	18.000,00 €	18.000,00 €	18.000,00 €	54.000,00 €
	TOTAL Eixe 3		57.000,00 €	58.320,00 €	125.000,00 €	240.320,00 €
Eixe Actuaciones en el ámbito de la Competitividad	4.1	Plan de mellora de equipamentos públicos para uso turísticos	18.000,00 €	200.000,00 €	82.000,00 €	300.000,00 €
	4.2	Secretaría Técnica	7.880,00 €	26.720,00 €	23.080,00 €	57.680,00 €
	TOTAL Eixe 4		25.880,00 €	226.720,00 €	105.080,00 €	357.680,00 €
	TOTAL:		222.880,00 €	677.040,00 €	600.080,00 €	1.500.000,00 €

ANEXO II

Modelos de declaración

A. Ausencia de conflito de interese

B. Cesión e tratamento de datos

C. Compromiso de cumprimento de principios transversais

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo

A1. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos

interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

A2. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, a abaixo asinante, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

Primeiro. Estar informada do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece

que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal».

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado deste, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisorias, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores»

Segundo. Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto. Que coñece que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

B. Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, DNI,
como da entidade
....., con NIF
....., e domicilio fiscal en
.....
.....

.....beneficiaria de axudas financiadas con recursos
provenientes do PRTR/ que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de
actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX
«.....», declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os
seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e
do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación
e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «recabar e asegurar, para os efectos de auditoría e control e para
dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á

execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adjudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:

C. Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI

como titular do órgano// da entidade
....., con NIF
....., e domicilio fiscal en
.....

.....na condición de órgano responsable/ órgano
xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa
como contratista/ente destinatario do encargo/subcontratista, no desenvolvemento de
actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX
«.....», manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos
estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais,
adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de
interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos
observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de
economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH»
polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a
cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que,
no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos
seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de
xuño (principio do no significant harm - dnsh)

Información sobre a actuación no plan de recuperación

Identificación da actuación

Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade

Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico

Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida

Investimento 1: transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade

Submedida 2: plans de sustentabilidade turística

Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Mellora senda peonil	075
----------------------	-----

Mellora e ampliación da infraestrutura ciclista	075
---	-----

Ecoaloxamento en concellos con potencial termal ou con cascos históricos	027
--	-----

Descarbonización en Cascos Históricos	073
---------------------------------------	-----

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Adecuación de sendeiros termais	050
---------------------------------	-----

Datos da persoa solicitante

Nome/razón social

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:

E este cumpre o seguinte:

A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B. As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, Infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.

Destacando:

- 1.a redución do consumo de enerxía primaria non renovable.
2. A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.
3. Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C. As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

Entre outras:

- Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios
- Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental

D. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2 , á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.

As actividades excluídas son:

1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevea que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevea que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas

accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamiento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresíduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.

7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigação de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data

2º. Remitirlle certificación do presente acordo á Axencia de Turismo de Galicia da Xunta de Galicia.

3º. Autorizar ao presidente para a sinatura do convenio, e para a realización de cantos trámites sexan necesarios para a súa execución.

4º. Designar como representantes da Deputación na Comisión de seguimento prevista na cláusula novena do convenio, ao presidente provincial ou deputado/a no que delegue, e ao secretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa, na súa condición de órgano xestor para os efectos do previsto no artigo 12.3 e Anexo I da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.

9º.- MODIFICACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO E DE ASISTENCIAS DOS CORPORATIVOS PARA O MANDATO 2023 – 2027.

Trala ratificación previa da inclusión do asunto na orde do día, o Sr. secretario dá conta da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e, por unanimidade (incluído o voto non presencial de don Xosé Manuel Puga González), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Modificar o punto 1º, relativo ao réxime de dedicación exclusiva para os seguintes cargos da Deputación Provincial de Ourense para o mandato 2023 – 2027:

- Réxime de dedicación exclusiva ou parcial do *Grupo Socialista (PS de G-PSOE)*:
dúas (2) dedicacións exclusivas e dúas (2) dedicacións parciais (unha ao 75 % e unha ao 25 %).

2º. Publicar o presente acordo no BOP e na sede electrónica provincial.

10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA GARANTIR UNHA XESTIÓN PROFESIONAL E TRANSPARENTE NA ESTACIÓN DE MONTAÑA DE MANZANEDA

A esta moción o Grupo Socialista presentou unha emenda de adición.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, na que procede a explicar a moción do seu grupo que sinala que a baixada de temperaturas e chuvias devolveron aos ourensáns ao pleno inverno durante a primeira fin de semana do mes de marzo, e deixaron novamente en evidencia as grandes eivas na xestión e organización da Estación de Montaña de Manzaneda. O temporal que azoutou a Península trouxo a neve ás cotas máis altas da provincia, sendo aproveitado polos seareiros dos deportes de inverno para acudir ata a estación de montaña ourensana, redundando no colapso dos seus servizos. As xornadas resultaron caóticas por mor de estradas cortadas polo paso tardío das máquinas quitaneves, atoamentos nos accesos de vehículos e dilatadas esperas dos clientes que pretendían acceder ás instalacións. A estes problemas xa recorrentes, que nin a Deputación de Ourense nin a Xunta de Galicia son quen de solucionar, hai que engadir a longa cola dos esquiadores para o aluguer de material, laiándose os usuarios do pouco persoal de atención ao público e do trato recibido, sendo presentadas non poucas queixas por escrito diante dos xestores do servizo. A xestión da Estación de Montaña de Manzaneda segue sendo moi deficiente, amais dun foco continuo de problemas, porén que esta representa un fito único na nosa provincia e en Galicia, un activo turístico de primeira orde cun elevado potencial dinamizador económico. A estación alberga amplas posibilidades para actividades de montaña tanto no verán coma no inverno,

resultando incomprensible que non se aproveite eficientemente a súa capacidade, nin sequera cando hai neve. Alén das posibilidades de desenvolvemento que a Estación de Montaña de Manzaneda supón para as comarcas de Trives, Valdeorras e todo o oriente ourensán, e malia o inxente investimento público consentido nas últimas décadas, unido aos sucesivos intentos de mercantilización a prol dunha pretendida xestión máis eficaz e acaída coas esixencias do sector, o complexo segue a estar desaproveitado. Tal estado de cousas amosa, no mellor dos casos, a incapacidade de xestores e accionistas. No peor dos escenarios, denota un absoluto desleixo. É longo o catálogo de irregularidades que o Grupo Provincial Socialista ven denunciando en diferentes lexislaturas a través de mocións, preguntas e demandas de información, raramente satisfeitas polos gobernos do PP. A xestión escurantista está adobiada de anomalías con impacto na xestión da Estación, nomeadamente desde que se acordou desaloxar da toma de decisión aos concellos de Trives e Manzaneda. Entre outras deficiencias, pódese subliñar: 1) MEISA e os seus accionistas maioritarios (Xunta e Deputación) denegan sistematicamente o acceso a todos os contratos de xestión que reiteradamente teñen sido solicitados; 2) non se permite o acceso ao expediente das obras de innivación artificial; 3) nin se facilita o detalle das resolucións xudiciais que afectan á estación; 4) nin se accede a unha comparecencia do presidente da Deputación para dar conta da situación; 5) nin se asume a proposta socialista para que os grupos políticos integren o consello de administración de Meisa con acceso a toda a información. A esta secuencia de deficiencias e decisións erráticas tomadas na máis absoluta das opacidades, complétase coas continuadas queixas de usuarias e usuarios da Estación, incapaz de ofrecer un servizo acaído coas necesidades dos amantes da montaña e dos deportes de neve para erixirse nun motor económico do interior ourensán. Son habituais os laios pola falta de persoal, a descoidada atención aos clientes, a falta de mantemento das instalacións, o mal funcionamento do telesilla, o aluguer de material ou a xestión dos forfaits. Alén do pouco acertado nas respostas aos desafíos plantexados para que a Estación deveña o foco de prosperidade que está chamado a ser, sempre en liña coa falta de transparencia arredor da xestión de Meisa, nada se sabe da “folla de ruta” do complexo, os plans de futuro e as medidas e decisións estratéxicas que deberan servir para pasar páxina de anos de despropósitos e desleixo nas instalacións de Manzaneda. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes

PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense na súa condición de accionista ponderado de Meisa a avanzar cara unha xestión profesional da Estación de

Montaña de Manzaneda, situando á súa fronte a un equipo capaz e competente que sexa dirixido por alguén cunha demostrada experiencia no sector. Unha xestión acaída coas esixencias dun complexo de tan particulares características, pero tamén transparente, dotada dos mecanismos necesarios para que os partidos e a cidadanía poidan acceder a documentos e información sobre procedementos que desde hai anos ven reclamando o Grupo Provincial Socialista. SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense na súa condición de accionista ponderado de Meisa a dispoñer as medidas necesarias para o regreso ao consello de administración da devandita entidade dos alcaldes da Pobra de Trives e de Manzaneda, garantindo así a representatividade dos territorios nos que se asenta a Estación. Amais, sempre en aras dunha meirande transparencia, estas medidas tamén deberan garantir a inclusión dos partidos políticos de oposición no consello de administración de Meisa, tal e como ocorre en entes similares no Pirineo Aragonés e en Serra Nevada. TERCEIRA.- Constituír unha comisión de traballo para a elaboración dun plan estratéxico da Estación de Montaña de Manzaneda, que inclúa á Xunta de Galicia, á Deputación de Ourense, comprendendo a representantes tanto do grupo de goberno como do resto de partidos con representación na corporación provincial; e os alcaldes e alcaidesas dos concellos de Manzaneda e A Pobra de Trives.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, comeza a súa intervención indicando que hai unha frase da moción que indica que se debe situar a súa fronte a un equipo capaz e competente que sexa dirixido por alguén cunha demostrada experiencia no sector, e na súa opinión esa persoa non existe, xa que Manzaneda é a historia dun pesadelo. Todo o que pasaron estes derradeiros fines de semana o coñecemos todos e dá lectura a un editorial do xornal La Región que indica que “la Diputación despilfarra en Manzaneda cuando no invierte lo necesario en ella”, continuado este xornal, cun apoio total ao PP, como fixo nas pasadas eleccións autonómicas, pero agora, este xornal, pasadas as eleccións, tamén fala de Ourense como a “Cenicienta de Galicia” e acusa ao Estado e á Xunta de Galicia de discriminar á nosa provincia. ¿isto é a prensa libre?. Volvendo ao asunto da moción, sinala que por moito diñeiro que se invista, iso non ten futuro. É a verdade. Imos seguir investindo cartos pola “falacia do Concorde”, ou “falacia do custo irrecuperable”, que consiste en non tomar decisións lóxicas e seguir investindo a pesar das perdas e dos malos resultados da xestión desta infraestrutura. Parece que o resto dos partidos non o queren ver, e o diñeiro hai que gastalo noutras cousas máis importantes.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, sinala que desde o BNG van apoiar a moción do grupo socialista e a adición do mesmo grupo. No ano 2016, Xunta e Deputación, logo da espantada desta Deputación durante o bipartito, fixéronse co 99 % do accionariado de MEISA, e o obxectivo declarado era a instalación de vinte canóns de neve artificial e asegurar así 120 días de neve por ano. Finalmente investíronse preto de cinco millóns de euros nesta obra, ao que hai que sumar case un millón de euros máis por ano que Deputación e Xunta lle achegan á sociedade en concepto de préstamos participativos. O resultado é un fracaso rotundo. Os 120 días por ano de neve non se conseguiron no total dos anos que levan instalados os canóns, e cando hai neve, resulta que se avarían os telecadeiras. Algo hai que facer. Coincidimos nisto, pero confeso que non teño a resposta, pero debemos responsabilizarnos todos na busca dunha solución. O problema de Manzaneda vai máis alá da xestión, e é algo que haberá que afrontar mudando o modelo de xestión e o modelo de que é e que queremos para Manzaneda.

1ª intervención de José Miguel Pérez Blecua, do Grupo Popular, na que comeza indicando que o grupo do PP vai votar a favor da moción e da emenda, e temos que poñernos a traballar no mesmo sentido, e pedir corresponsabilidade, non só á Deputación e á Xunta, senón a todos os afectados que son máis. Os motivos para votar a favor comezan por entender que Manzaneda si ten futuro, o investimento está feito, e o que hai que facer é repensalo. Manzaneda non se debe abandonar senón que debe ser o motor económico da zona. Lembra que no ano 2020 o grupo socialista xa trouxo a este pleno unha moción idéntica a esta, onde se cambia “xestión eficiente e pública” por “xestión profesional”. Bota de menos que na moción non se inclúa á comarca de Terras de Caldelas entre as afectadas pola xestión de Manzaneda, e tampouco entende porque nesta moción se elimina o punto tres que traía a moción de 2020 relativa ás obras de mellora na estrada de acceso á estación de Manzaneda. Lembra que na comisión informativa o seu grupo fixo reserva de voto e agora, logo de negociar co grupo socialista, e ao ver que había posibilidade de consenso, presentouse por ese grupo unha emenda á moción orixinal, que recolle o novo punto terceiro, polo que van apoiar esta moción. Para rematar indica que debemos buscar o consenso entre todos para tentar orientar o futuro de Manzaneda.

2ª intervención de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, nesta quenda sinala que a pesar do que di o señor Cachafeiro de DO, el entende que si que hai xestores competentes no sector, e seguro que hai que pagalo, e pon como exemplo a Luís Manuel Gurriarán que fixo

un bo traballo. Manzaneda ten futuro e ten moito investimento xa feito, e o que hai que facer é diversificar a oferta, todos teremos que achegar e que opinar e seguro que sae un camiño de futuro para a estación, que ten un emprazamento privilexiado. A moción é a mesma que en 2020, xa que non mudou nada, e as reivindicacións do grupo socialista son as mesmas, só que parece que esta vez hai algo de unanimidade. Respecto ás estradas sinala que hai que rematar a OU-0703 á saída de Trives e tamén a estrada OU-0701, pola que veñen os usuarios de Portugal.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, sinala que el non dixo que Manzaneda non teña futuro, senón que non ten futuro como estación invernal, xa que cada vez neva menos. Ogallá se atopen outras alternativas. A “falacia do custo irrecuperable” fainos tomar decisións irracionais e sinala que se os deputados e deputadas que están neste pleno tomasen as decisións con seus propios cartos, tomarían decisións moi distintas sobre o futuro de Manzaneda.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, sinala que é evidente que se fan cuestións con diñeiro público que non son rendibles en termos económicos pero si en termos sociais, e que ao mellor o que interesa é que non se concentre moitísima xente cando hai neve, pero que si aumente a xente que acude á estación ao longo do ano, e que serían máis rendibles desde o punto de vista socio económico para toda a comarca. Temos que corresponsabilizarnos entre todos, achegar ideas e buscar un mellor funcionamento do que significa a dinamización socio económica de toda a zona de montaña, e agarda que isto sexa un punto de reinicio para por en marcha un novo ciclo para esta comarca.

2ª intervención de José Miguel Pérez Blecua, do Grupo Popular, volve insistir na palabra corresponsabilidade, e en pensar en todos os que vivimos na comarca. Engade que o acceso pola provincia de Lugo, que é por unha estrada provincial de Lugo, que está en moi mal Estado, e que iso tamén sería corresponsabilidade, así como a demandada A-76 que é competencia do Estado. Por último pídelles corresponsabilidade ao concello de Castro Caldelas, que ten o GES comarcal, e á Deputación da Coruña, que fai a súa campaña da neve na estación de Valgrande-Pajares. Remata indicando que Trives precisa de boas comunicacións, e que o actual presidente, Luís Menor, xa tomou nota das demandas dos alcaldes e alcaldesas da comarca.

Quenda de peche de Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, na que indica que a estación ten futuro, a as súas comarcas periféricas e o oriente ourensán tamén, e remata agradecendo o apoio a esta iniciativa política.

Intervén o Sr. presidente para insistir en aproveitar o traballo feito, xa que Manzaneda é un recurso absolutamente estratéxico para a provincia e para as comarcas, e a ver se entre todos somos capaces de acertar co futuro desta infraestrutura.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións e someténdose a votación a moción coa emenda de adición do propio Grupo Socialista, e co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e do BNG (3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González,) e a abstención de DO (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Deputación de Ourense, na súa condición de accionista ponderado de Meisa, a avanzar cara unha xestión profesional da Estación de Montaña de Manzaneda, situando á súa fronte a un equipo capaz e competente que sexa dirixido por alguén cunha demostrada experiencia no sector. Unha xestión acaída coas esixencias dun complexo de tan particulares características, pero tamén transparente, dotada dos mecanismos necesarios para que os partidos e a cidadanía poidan acceder a documentos e información sobre procedementos que desde hai anos ven reclamando o Grupo Provincial Socialista.

SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense, na súa condición de accionista ponderado de Meisa, a dispoñer as medidas necesarias para o regreso ao consello de administración da devandita entidade dos alcaldes da Pobra de Trives e de Manzaneda, garantindo así a representatividade dos territorios nos que se asenta a Estación. Amais, sempre en aras dunha meirande transparencia, estas medidas tamén deberán garantir a inclusión dos partidos políticos da oposición no consello de administración de Meisa, tal e como ocorre en entes similares no Pirineo Aragonés e en Serra Nevada.

TERCEIRA.- Constituír unha comisión de traballo para a elaboración dun plan estratéxico da Estación de Montaña de Manzaneda, que inclúa á Xunta de Galicia, á Deputación de Ourense, comprendendo a representantes tanto do grupo de goberno como do resto de partidos con

representación na corporación provincial; e os alcaldes e alcaidesas dos concellos de Manzaneda e A Pobra de Trives.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA POÑER EN MARCHA NO CURTO PRAZO O TRANSPORTE METROPOLITANO DE VIAXEIROS NA COMARCA DE OURENSE

A esta moción presentou unha emenda de adición o Grupo Popular.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, procede a dar lectura á moción do grupo socialista na que expón que durante a recente campaña das eleccións autonómicas galegas, o presidente da Deputación de Ourense e alcalde de Pereiro de Aguiar, Luís Menor, e a vicepresidenta da institución provincial e alcaldesa do concello de San Cibrao das Viñas, Marta Nóvoa, comparecían no Alto do Cumial para “garantir a implantación do transporte urbano de viaxeiros na comarca de Ourense” en virtude da “colaboración entre Deputación e Xunta de Galicia”. Segundo citan medios de comunicación locais, a vicepresidenta mesmo estimaba “inadmisíble” a falta deste servizo aos cidadáns, considerando a conveniencia de “activar” un transporte interurbano susceptible de dar cobertura ás veciñas e veciños da área metropolitana de Ourense. Tal fío viuse mesmo superado o 14 de febreiro, Día dos Namorados, pola sinatura entre os presidentes da Deputación de Ourense e da Xunta de Galicia, Luís Menor e Alfonso Rueda, dun documento de compromisos do PP coa provincia, que tamén contemplaba a posta en marcha do servizo de bus metropolitano. Resulta unha moi boa nova para as veciñas e veciños de Ourense a determinación do PP en campaña para decidir dar curso a unha histórica reivindicación socialista como a do transporte urbano entre a capital provincial e os concellos da súa contorna. Unha moi boa nova sempre e cando a devandita determinación se manteña e se vexa concretada no máis curto prazo posible, co dezo máis sincero que o anuncio non fose unicamente o resultado dunha estratexia electoralista e mirando de desbotar de paso o ineludíbel feito que o PP, que controla desde hai varias lexislaturas a Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense, erixíase no principal factor de bloqueo na implementación do transporte metropolitano ourensán. Nas soas mans do PP se atopa desde hai lustros o desbloqueo de tal iniciativa e nas soas mans do PP está hoxe en día a posibilidade de realización dunha medida que debe beneficiar non só á capital, Pereiro de

Aguiar e San Cibrao, senón tamén aos concellos limítrofes de Barbadás, Amoeiro, Coles, Toén e Punxín, e mesmo a outros municipios que pola súa proximidade, dinámicas sociais e laborais poidan tamén adherirse, como A Peroxa, Cenlle, Taboadela, Paderne de Allariz e Vilamarín. A ledicia pola súbita predisposición Popular non agocha o histórico da cuestión. Do proxecto de crear áreas metropolitanas para o transporte na entorna das cidades galegas fálase desde 1995, facéndose realidade paseniñamente na Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Vigo e Lugo. O bloqueo do transporte urbano metropolitano suscita polémica en Ourense cada certo tempo, pero sen que a situación avance, sendo a tónica o cruce de reproches entre diferentes administracións. A Xunta de Galicia ten eludido as súas responsabilidades acusando ao de non dispor de máquinas adaptadas nos buses urbanos para o cobro dun servizo destas características ao Concello de Ourense. Tras renovar a súa flota de autobuses, na máis recente resposta da Consellería de Infraestruturas sinálase que agora o problema é que o contrato do bus urbano en Ourense está caducado, deixando ben ás claras unha absoluta falta de vontade para poñer en marcha o transporte metropolitano. Asemade, hai máis dun lustro que Barbadás ten aprobada a normativa para instaurar o transporte metropolitano, que tampouco funciona por mor da inacción do goberno autonómico. Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO: PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a tomar todas as medidas e disposicións oportunas para que, en coordinación coa Xunta de Galicia, se garanta no curto prazo a implantación real e efectiva do transporte urbano de viaxeiros que inclúa a todos os concellos da área metropolitana de Ourense capital. SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense a que o servizo de transporte urbano de viaxeiros entre todos os concellos da área metropolitana de Ourense capital se preste en igualdade de condicións que nas outras cidades galegas a nivel de amplitude, eficacia e custo do servizo para as usuarias e usuarios.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, na que indica que vai facer un paréntese, para sinalar que el non está en contra do termalismo nin de Manzaneda, pero que as cousas nestes ámbitos se levan facendo mal moitos anos. Sobre a moción sinala que o plan que ten o goberno local do concello de Ourense de poñer o transporte público gratuíto vai mellorar este servizo, e que agarda que os restantes grupos políticos no pleno do concello voten a favor desta proposta de DO.

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, comeza súa intervención sinalando que, respecto a esta última afirmación, hai que ter coidado coa gratuidade total, xa que non se lle dan ás cousas o valor que teñen, pero seguro que os compañeiros do BNG no concello estudarán esa iniciativa. Respecto á moción do grupo socialista que estamos a tratar, sinala que non hai que reprochar e pouco temos que alegar, como moito engadir algunha matización. A aposta polo transporte público nos trece concellos é beneficiosa desde o punto de vista económico, ambiental e social. No Concello de Allariz xa tivemos o famoso “Allarbus”, que xa non existe, pero que funcionara moi ben, se ben tivemos certos problemas coas liñas menos rendibles xa que as empresas non as queren, pero o abandono destas fai que as liñas que eran economicamente rendibles deixen de selo. De aí a importancia de manter as liñas intermedias. A moción se ve enriquecida coa creación deste grupo de traballo que propón o PP e imos votar a favor da moción e da emenda. No concello de Ourense o PP leva tempo responsabilizando a DO de que non haxa o transporte metropolitano por ter a concesión de autobuses en precario, e a postura do BNG é a municipalización do servizo. O PP leva moitos anos gobernando na Xunta e na Deputación, e tivo a alcaldía e estivo no goberno do Concello varios anos, e tampouco foi quen de avanzar neste tema. No ano 2015 o entón vicepresidente Alfonso Rueda e alcaldes da provincia anunciaron que era un proxecto inescusable, en 2016 unha nova visita da entón conselleira e do entón alcalde Jesús Vázquez anunciaban a inminente posta en marcha deste servizo. Todos estes anuncios foron feitos en plenas campañas electorais, e nada se avanzou. A maior responsabilidade recae na Xunta de Galicia e no 2024 temos un novo problema, que é o novo mapa de liñas concesionado pola Xunta de Galicia. Isto hai que telo en conta e ter unha proposta traballada respecto aos intercambiadores e ás liñas que se van a facer. É importante que a mesa de traballo poña datas e orzamentos concretos. Resumindo, o noso voto vai ser favorable a esta iniciativa.

1ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza sinalando que na Xunta de Galicia houbo tamén gobernos do PS de G-PSOE e do BNG e non se avanzou nada neste servizo. Fallamos todos os gobernos e de todas as cores en non conseguir un transporte eficiente que conecte a cidade con toda a súa área metropolitana. Entende que hai que separar o transporte metropolitano propiamente dito, no que a Xunta fixo un esforzo importante, que conseguiu aumentar o número de viaxeiros coas novas liñas e concesións, pero que non é suficiente. Así o dixo o presidente Alfonso Rueda nesta campaña electoral. A

responsabilidade é de todos, da Xunta de Galicia, do concello de Ourense, e do resto dos concellos da área metropolitana. Para conseguir un transporte eficaz, que conecte a cidade cos polígonos industriais e co resto dos concellos precisamos do concello de Ourense, e iso é indiscutible. Está moi ben a gratuidade total, pero hai que valorala e pensala moi ben. Necesitamos ao concello de Ourense, e sentarnos todos nesa mesa de traballo, contando en que esta Deputación vai colaborar economicamente e na xestión, e tendo en conta que non se lle vai esixir ao concello que pague as liñas que saen do seu termo municipal, e que se conseguimos implantalo imos beneficiarnos todos, concello de Ourense e restantes concellos da área metropolitana. Eu creo que a iniciativa do grupo socialista é asumible por todos, e a Xunta de Galicia precisa dos concellos, de todos, para que consigamos un transporte realmente eficiente e igualitario para toda a veciñanza. O concello de Ourense sairá moi beneficiado porque a Xunta aposta por este servizo e non debemos irnos deste mandato sen conseguir a implantación do transporte metropolitano na área metropolitana de Ourense, e o primeiro paso debe ser conseguir que esta moción se aprobe hoxe por unanimidade.

2ª intervención de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, comeza indicando que a clave do éxito é o consenso, e preséntase como unha grande oportunidade para que o Concello de Ourense se vexa beneficiado desde o punto de vista económico, social, ambiental e de mobilidade. Lembra que na capital non existe nin un so aparcadoiro disuasorio, e pídelle a DO que vexa esta gran oportunidade para o concello de Ourense. Nesta liña a mesa de traballo ten que traballar con consenso e parte do posible acordo vai estar na posibilidade de estender as liñas do transporte da cidade e empraza a todos os implicados a esta mesa de traballo, onde os concellos da área metropolitana temos claro que temos que achegar fondos e que o concello de Ourense non ten que pagar as liñas fóra do seu termo municipal. Para rematar di que se sente decepcionado polo pleno en xeral porque sendo onte o día internacional da poesía non se fixo ningún *guiño* a esta conmemoración.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, comeza sinalando que el é usuario da liña de autobús de Ourense, e nas cidades é un sistema de transporte imprescindible. Respecto á gratuidade sinala que o seu grupo entende que traerá moitos beneficios, e indica que unha das cuestións que máis tempo demora aos autobuses é o cobro en metálico ou con tarxeta, e como todas as cousas que se implanta por primeira vez terán fallos, que serán emendados, pero que é unha aposta do grupo de goberno do concello de Ourense. As cidades do futuro

serán con transporte público e deseñaranse contra os coches. Sinala que a contratación deste servizo que licitará proximamente o concello de Ourense terá un valor estimado en torno aos nove millóns de euros, pero que só se recadan dous. Este investimento relativo á gratuidade será moi positivo xa que se liberará o tráfico da circulación de moitos coches que ata o de agora non empregaban o transporte público. Finalmente sinala que o grupo de DO se vai abster porque os restantes grupos levan trinta anos con este asunto e non conseguiron avanzar nada, e teñen que demostrar que realmente hai vontade.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, na que sinala que parece que as posturas neste asunto están moi claras, e que ao mellor o avance que conseguimos hoxe é a creación desa mesa de traballo e sentarnos todos e poder falar sobre este importante servizo para toda a nosa provincia, e poñer enriba da mesa datas e orzamentos. Eu teño claro que o máis beneficiado vai ser o concello de Ourense e que atraerá moita xente dos concellos de Ourense, e os limítrofes tamén nos imos ver moi beneficiados, e a ver se así conseguimos reducir o número de vehículos nas nosas rúas e mellorar a mobilidade sostible.

2ª intervención de Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, comeza insistindo en que na súa opinión a gratuidade total non é a mellor solución, pero que en todo caso é unha decisión dos xestores de cada concello. Sinala que o voceiro de DO xa falou da próxima licitación ou do próximo prego, e que este prego é a clave e a posible solución para este asunto, e onde temos que participar os concellos limítrofes, polo que debe falarse con todos os actores implicados para que poidamos aportar e contemplar a extensión das liñas urbanas ao resto dos concellos. Podemos beneficiarnos todos pero precisamos que se conte con todos na redacción do prego, de aí a importancia desta comisión ou grupo de traballo que se crea coa aprobación desta emenda e desta moción.

3ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, moi brevemente sinala que o grupo de DO sempre está disposto a falar con todos, pero lembra que no concello de Ourense os grupos políticos non colaboran en absoluto.

Quenda de peche de Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que tanto na súa primeira intervención como na segunda destacou a palabra “oportunidade”, e recalca que é a oportunidade do grupo de goberno do concello de sacar adiante o prego, lembrando que non ten a maioría, e insiste en que o gran beneficiado vai ser o concello de Ourense. Para rematar

di que “así en el autobús que se desplaza, la cooperación y el transporte se entrelazan con gracia, en esta pequeña ciudad donde todos somos hermanos, el transporte metropolitano es nuestro lazo humano”.

Intervención do Sr. presidente, na que sinala que a situación está onde está despois de tantos anos e todos temos culpa. O que piden os veciños dos concellos limítrofes é ter un bo transporte á cidade de Ourense, xa que é onde veñen a facer as súas compras ou aos seus traballos. A solución ten que vir pola extensión de liñas, e nese prego que ten que sacar o concello ten que recollela e iso só o pode facer o concello de Ourense, e como nos interesa a todos ímolo aprobar. A Xunta, unha vez que entremos nos concellos limítrofes, ten que indemnizar ás empresas concesionarias do transporte metropolitano e así o esixiremos. Non pretendemos que o concello de Ourense pague nin un só céntimo do transporte nos concellos da área metropolitana. Non é lóxico que o transporte público da cidade non poida entrar nos polígonos industriais de Pereiro de Aguiar ou de San Cibrán das Viñas. A Deputación vai colaborar técnica e economicamente no que sexa preciso. É un tema que ten moi claro e así o quere transmitir, pero por favor, non lle fallemos á xente, porque a xente pide e demanda un bo transporte entre a cidade e os restantes concellos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e do BNG (3, incluído voto non presencial de Xosé Manuel Puga González) e a abstención de DO (2).

A continuación sométese a votación a moción, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e do BNG (3, incluído voto non presencial de Xosé Manuel Puga González) e a abstención de DO (2).

Polo exposto o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Deputación de Ourense a tomar todas as medidas e disposicións oportunas para que, en coordinación coa Xunta de Galicia, se garanta no curto prazo a implantación real e efectiva do transporte urbano de viaxeiros que inclúa a todos os concellos da área metropolitana de Ourense capital.

SEGUNDO.- Instar á Deputación de Ourense a que o servizo de transporte urbano de viaxeiros entre todos os concellos da área metropolitana de Ourense capital se preste en igualdade de condicións que nas outras cidades galegas a nivel de amplitude, eficacia e custo do servizo para as usuarias e usuarios

TERCEIRO.- Instar á Deputación de Ourense para a creación, de forma inminente, dun comité técnico e político, no que se acorde a mellor fórmula de implantación do transporte metropolitano no menor tempo posible.

O comité técnico-político estaría constituído polos representantes que consideren as administracións implicadas:

- . A propia Deputación de Ourense, que incluíría a participación dos grupos políticos do mandato actual.
- . A Xunta de Galicia.
- . O Concello de Ourense.
- . Cada un dos concellos da área metropolitana de Ourense.

12º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO.

A esta moción presentou unha emenda de adición o BNG.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de María Teresa Barge Bello, do Grupo Popular, na que expón que a celebración de 2024 das Nacións Unidas con motivo do Día Internacional da Muller ten como lema ***Investir nas mulleres, acelerar o progreso***, centrándose en cinco áreas que requiren unha acción conxunta: acabar coa pobreza e coa desigualdade; poñer en marcha un financiamento transformador para a igualdade de xénero; pasar a un desenvolvemento sostible e a unha sociedade dos coidados; e apoiar os feminismos e movementos que impulsan o cambio. Levamos anos avanzando grazas ao traballo de milleiros de mulleres, asociacións e colectivos que conseguiron facer do feminismo un movemento sólido e acadar novos dereitos. Porén, nos últimos tempos estanse a vivir momentos de profundas transformacións sociais, económicas e culturais ao redor de todo o mundo; crises humanitarias, inxustizas e violencia que poñen en risco os dereitos conseguidos ata o de agora. Este ano, o 8M quere conmemorar todos os avances conseguidos ata a actualidade, pero tamén promover a consciencia das

desigualdades sociais que seguen existindo. Por isto, este día quere reivindicar a necesidade imperante de investir e de mobilizar recursos para garantir os dereitos das nenas e mulleres, de loitar contra a violencia de xénero e de crear sociedades inclusivas. O Grupo Popular da Deputación de Ourense quere sumarse ás reivindicacións e celebracións do 8 de marzo para poñer de manifesto a importancia do investimento e acadar a igualdade real e efectiva nun eido vital para o desenvolvemento da nosa sociedade e da nosa provincia. Un día coma o de hoxe, cómpre lembrar e poñer en valor os pasos dados nos últimos tempos para alcanzar unha sociedade máis xusta e equitativa, como a aprobación da Lei de igualdade efectiva entre mulleres e homes de Galicia, que promove as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e garantindo os dereitos das mulleres nos eidos rural e marítimo pesqueiro. Este último ano, Galicia deu un importante paso na regularización coa aprobación da Lei 07/2023, Lei de igualdade efectiva de mulleres e homes na Comunidade Autónoma, aprobada o 30 de novembro. Unha medida que consagra o marco da Lei Orgánica 03/2007 para eliminar a discriminación das mulleres e atribuíndo o máis alto grao de efectividade ao dereito constitucional á igualdade entre mulleres e homes no eido das competencias da Comunidade Autónoma. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes acordos: a) Que A Deputación de Ourense, no marco das súas competencias: 1. Fomente os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico provincial. 2. Colabore coas asociacións de mulleres dos concellos co obxectivo de promocionar a igualdade en todos os eidos. 3. Promova a adhesión dos locais de ocio nocturno dos municipios ao protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBIfóbicas. b) Dirixirse á Xunta de Galicia para: 1. Impulsar o emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados. 2. Colaborar coas organizacións na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización. 3. Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador das oficinas de emprego e dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais libres dos prexuizos e estereotipos de xénero. 4. Fomentar a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado. 5. Fomentar a igualdade como base fundamental na elaboración e execución das políticas administrativas (convenios, plans de acción, protocolos etc.) c) Dirixirse ao Goberno do Estado para: 1. Incrementar os

fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible. 2. Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario, así como que a repartición sexa igualitaria e en base a uns criterios xustos e equitativos.

1ª intervención de Antonio Fernández Martín, de DO, na que sinala que o seu grupo se adhire totalmente aos termos da moción. Consideran que queda moito por pelexar neste ámbito, pero que debemos poñer todos os medios para conseguir unha igualdade efectiva entre mulleres e homes. Respecto á emenda do BNG sinala que estaríamos a favor de instar á Xunta de Galicia a regularizar esa comisión de lactación, pero que non a van apoiar xa que se produciría un solape de competencias posto que é a Xunta de Galicia a administración competente e a que ten que asumilas.

1ª intervención de María Xosé Mangana Guede, do BNG, na que di que a metade do mundo somos mulleres e a outra metade fillos de mulleres. Non debería existir o 8 M. O BNG fai unha valoración moi positiva da exposición de motivos desta moción, e é certo que se están conseguindo avances e dereitos, pero hai que avanzar moito máis. Lembra que o grupo do PP moitas veces neste ámbito se pon de perfil, e sinala que na tramitación da lei autonómica, que se aprobou só cos votos a favor do PP, apenas se aceptaron emendas e achegas dos demais grupos con representación no Parlamento autonómico. Isto denota que o papel soporta todo e que non estamos todos tirando do mesmo carro e hai que mudar certas cousas e sobre todo o fomento, as recomendacións e os impulsos deben cambiarse por obrigas. A lei debe ter consecuencias para os incumpridores, especialmente no sector privado. A lei do “si es si” supuxo un avance, se ben ten cuestións mellorables e unha delas era a ampla forquita que ten nas distintas penas, e que provoca que os xuíces a apliquen como lles ben en gaña. Respecto ás adicións que presenta o BNG á moción veñen motivadas porque a comisión de lactación estaba funcionando moi ben e supón unha moi boa axuda para mulleres e crianzas, e en canto á saúde mental, entende que si pode ser unha competencia municipal xa que se poden facer comisións e grupos de traballo para poñer en marcha programas de atención en materia de saúde mental, que é a gran esquecida do ámbito da saúde.

1ª intervención de Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, na que sinala que están a favor da emenda do BNG e que lle parece unha iniciativa estupenda. Entende que a moción do PP se fai con moi boa intención, pero matiza que para os socialistas o 8M ten que ser todos os

días, por isto o goberno socialista de Madrid é o da historia que máis orzamentos achega a políticas en prol da igualdade real e efectiva e a programas da igualdade. A loita contra a desigualdade debe ser con orzamentos enriba da mesa, para conseguir igualdade salarial, económica, laboral e de dereitos para todas as mulleres. Isto conséguese, entre outras medidas, coa subida do SMI que afecta principalmente ás mulleres, tal e como fixo o PSOE, ou con medidas como a que obriga á paridade nos consellos de administración das empresas, ou outros avances sociais como a lei do divorcio ou a lei do aborto. O dato máis relevante é elevar salarios e pensións, por enriba do IPC real, medidas que afectan sobre todo a mulleres. Nesta moción bótase en falta a aposta económica polas accións que se propoñen, preguntando que partida e que orzamentos vai achegar esta Deputación para as medidas que pretende implementar. En canto ás demandas á Xunta de Galicia tamén lle parecen perfectas, pero hai que demandar financiamento. En cambio, na parte de demandas ao Estado, si que se piden directamente fondos, cuestión que o goberno do Estado si está a cumprir.

2ª intervención de María Teresa Barge Bello, do Grupo Popular, comeza dicindo que efectivamente hai ferramentas pero que aínda non son suficientes. Respecto ás demandas da moción sinala que se trasladarán tanto á Xunta de Galicia como a SERGAS. Insiste en que é preciso reivindicar políticas de financiamento transformador en todos os eidos para superar esta cuestión día a día, e como exemplo sinala a tarxeta 8M que ven de presentar esta Deputación Provincial.

2ª intervención de María Xosé Mangana Guede, do BNG, na que reitera o apoio a esta moción, pero sinala que non se conseguirá a igualdade real senón se poñen orzamentos. Cando falamos de paridade hai impares o último posto sempre é para un home, e evidente que non estamos ao mesmo nivel, e basta con mirar a este plenario. Con respecto a esta Deputación pregunta se existe un protocolo de acoso e canto hai que non se actualiza? E o plan de igualdade? Cal é a proporción de homes e mulleres que traballan nesta Deputación?. Por ultimo aproveita para lembrar a derradeira vítima por violencia machista e agarda que sexa a derradeira de verdade.

2ª intervención de Marina Vaz Quintillán, do Grupo Socialista, nesta quenda sinala que o seu grupo tamén apoia pedir máis orzamentos ao Estado, pero indica que hai que dicir e destacar os logros deste goberno no eido da igualdade. Neste senso o goberno de España destinou en Galicia orzamentos cuantiosos para a loita contra a violencia de xénero, destinadas á propia Xunta de Galicia e aos concellos galegos. Neste punto procede a dar lectura ás achegas

económicas no Estado nos derradeiros anos neste eido de políticas contra a prevención da violencia de xénero, se ben indica que os cartos que se destinen sempre lle parecerán poucos. Remata preguntando ao grupo do PP que opinión teñen sobre o apoio do PP a determinadas políticas nesta materia que están apoiando en CCAA como Valencia ou Castela e León.

Quenda de peche de María Teresa Barge Bello, do Grupo Popular, na que indica que esta Deputación debe seguir traballando no consenso para seguir avanzando neste camiño, e indica que a cantidade que achega o Estado aos concellos non é suficiente, e no caso do concello da Bola non chega a dous mil euros anuais.

Intervención do Sr. Presidente, na que puntualiza, como modesto xurista, respecto á lei do si é si, que debe quedar claro que as reducións de condena non se poden achacar aos xuíces, porque é de primeiro de dereito que senón hai agravantes, o xuíz debe aplicar o grao mínimo da pena, e empeñarse nese erro non se pode xustificar. Respecto ás demandas de orzamentos indica que el no seu concello ten un CIM que nos subvenciona a Xunta de Galicia e que presta un magnífico servizo, e os fondos do Estado son moi limitados, e sobre a conciliación lembra que a Xunta saca un gran programa de cooperación con importantes fondos destinados aos concellos, pero os fondos do Estado que chegan aos concellos son moi poucos.

María Mangana do BNG intervén para matizar que as melloras da lei do “si es si” veñen por considerar o consentimento como elemento principal e por contemplar delitos que antes non o eran.

Intervención do Sr. Presidente, na que novamente puntualiza que esta lei baixou a pena, non os agravantes, e aí está o verdadeiro problema.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do BNG, que é aprobada por unanimidade (incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González).

Seguidamente sométese a votación a moción, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González) e de DO (2), e a abstención do Grupo Socialista (7).

Polo exposto, o Pleno adopta o seguinte acordo:

a) Que a Deputación de Ourense, no marco das súas competencias:

1. Fomente os plans de conciliación, modelos alternativos de coidados e a empregabilidade das mulleres no tecido económico provincial.
2. Colabore coas asociacións de mulleres dos concellos co obxectivo de promover a igualdade en todos os eidos.
3. Promova a adhesión dos locais de ocio nocturno dos municipios ao protocolo de actuación contra as violencias sexuais e LGTBIfóbicas.
4. Desenvolva un programa de saúde materno-infantil en colaboración cos concellos e co tecido asociativo da provincia.

b) Dirixirse á Xunta de Galicia para:

1. Impulsar o emprendemento feminino e o fomento de mulleres en sectores altamente masculinizados.
2. Colaborar coas organizacións na promoción de referentes galegas e actividades de comunicación social e sensibilización.
3. Continuar coa formación dos CIM e do persoal orientador das oficinas de emprego e dos centros educativos de todos os niveis para promover o seu papel impulsor das eleccións vocacionais libres dos prexuízos e estereotipos de xénero.
4. Fomentar a corresponsabilidade e a conciliación entre a vida laboral, persoal e familiar para o exercicio profesional tanto no ámbito público coma no privado.
5. Fomentar a igualdade como base fundamental na elaboración e execución das políticas administrativas (convenios, plans de acción, protocolos etcétera).
6. Instar á Xunta de Galicia para a regularización da Comisión de Lactación da Área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

c) Dirixirse ao Goberno do Estado para:

1. Incrementar os fondos do Plan Corresponsables para adecuar as accións ás necesidades reais da sociedade co obxectivo de chegar á maior poboación posible.
2. Unificar todos os fondos finalistas para a prevención e loita contra a violencia de xénero e que todos eles teñan o mesmo tratamento orzamentario, así como que a repartición sexa igualitaria e en base a uns criterios xustos e equitativos.

13º.- MOCIÓN DO BNG PARA A SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DE ESPAÑA DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE COMPETENCIA NON MUNICIPAL

A esta moción presentou unha emenda o Grupo Socialista.

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

1ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, na que expón que tras a entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local (LRSAL) o artigo 25.2 da LRBRL xa non inclúe a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social entre as materias sobre as que os municipios exercerán competencias propias. No entanto, considerase materia de competencia propia municipal a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. O Servizo de Axuda no Fogar foi un dos dereitos incluídos na lei de dependencia e foi concibido como un servizo de titularidade pública e de xestión municipal. O financiamento dese servizo foi contemplado a partes iguais entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, admitíndose un copagamento das persoas usuarias en función de renda e patrimonio. Desde a implantación deste servizo os concellos galegos non deixaron de crecer en canto a número de persoas beneficiarias máis o financiamento continúa a demorarse. O concellos están a facer fronte a custes da ata 24 €/h cando a Xunta e o Estado só financiarán, para este 2024, 12€/h. Isto obriga aos concellos a consignar millóns de euros de fondos propios para financiar este servizo, en detrimento doutros servizos que si lle son propios. Por outra banda, moitos Concellos da Provincia dispoñen de centros de día e/ou dunha escola infantil xestionados a través do Consorcio Galego. A Xunta obriga aos concellos que teñen estas infraestruturas a un cofinanciamento (2500€/ano por persoa usuaria no centro de día e 900€/ano máis os gastos de mantemento nas escolas infantís) sen que permita aos concellos ningún tipo de decisión consorciada sobre a xestión pública de ditos servizos. Sendo ademais un tema absolutamente aberrante que os 2500 €/ano se teñan que abonar polos empadroados, mentres que os Concellos veciños, non teñen que abonar absolutamente nada polos usuarios que recorren a este servizo no Concello limítrofe. Estes custes que a Xunta repercute nos concellos poden supoñer tamén centos de miles de euros do seu orzamento para unha competencia impropia máis. Dende setembro de 2022 a Xunta implantou a universalización da educación infantil 0-3 anos mais mantén o

copagamento aos concellos. É dicir, nun concello no que só existan escolas infantís privadas porque o concello non mostrou interese en que existisen a Xunta financia o 100% dos costes do servizo. Pola contra, naqueles concellos no que haxa escolas consorciadas froito do impulso no seu día e interese do concello a Xunta esíxelle a eses concellos a que copaguen, esíxelle pois a Administración Local un sobre esforzo que en ningún caso se lle pide á empresa privada, así pois, a Xunta do PP non ten problema por financiar ás empresas privadas que xestionan escolas infantís pero négase a liberar aos concellos dun gasto impropio dun servizo que xestiona en exclusiva a Xunta. Capítulo a parte merecen os gastos que se ven obrigados a afrontar os Concellos galegos e sinaladamente os da Provincia de Ourense en Educación e Sanidade, unhas competencias que xa me dirán vostedes en que lles atinxen. Pero efectivamente, en moitos casos os Concellos deben asumir o mantemento e limpeza das Centros de Saúde que semella deberían depender da Consellería de Sanidade (por certo noutro xiro de guión, uns teñen que afrontalo e outros non). E tamén deben afrontar os gastos de mantemento, consumos e servizo de conserxería dos Centros Escolares de Infantil e Primaria, non así curiosamente cos do Institutos, Centros de Formación Profesional ou Universidades. Por certo isto independentemente de que o Centro reciba alumnos do Concello onde está implantado o Centro Educativo fisicamente ou de outros Concellos limítrofes. Isto supón novamente dependendo da entidade do Centro e das súas necesidades centos de miles de euros que os Concellos asumen en competencias que lle son alleas e que loxicamente minoran os fondos para aquelas que si llo son, e que xa de por si coa realidade da dispersión poboacional e o avellentamento, estarían infradotadas economicamente nunha situación na que non tiveran que estar a cubrir competencias impropias. Esta situación lamentable a nivel galego é aínda máis palpable nunha provincia como a nosa, onde os Concellos en xeral son pequenos, con innumerables núcleos aos que atender e como xa temos comentado en outras ocasións onde a propia Deputación ten problemas de financiamento para soste as múltiples demandas de Concellos e Entidades. Cabe por último recordar que xa no ano 2006, con acordo de todas as forzas políticas representadas na FEGAMP e por ende dos concellos, acadouse o chamado PACTO LOCAL, que recollía en boa medida a resolución de boa parte dos feitos anteriormente relatados (outros, especialmente no que se refire a Servizos Sociais foron xurdindo ao longo dos anos transcorridos), sen que ata o de agora se asumira por parte da Xunta de Galiza os compromisos daquela asinados. Semella pois que antes incluso de reclamar unha xusta mellora no Fondo de Cooperación Local dependente da Xunta e no

importe e sistema de reparto ás entidades locais de fondos recadados por parte do Estado Español (o que sen dúbida tamén é preciso), debe afrontarse con carácter inmediato o financiamento (e incluso a xestión) daquelas competencias que lle correspondan á Xunta de Galiza e estean sendo asumidas polos Concellos. E de conformidade co establecido no artigo 36 da LRBRL, que establece que as Deputacións Provinciais teñen entre as súas atribucións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas nese ámbito. Así como tamén a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. Por todo o anterior, o Grupo Provincial do BNG da Deputación Provincial de Ourense propón á corporación provincial adoptar os seguintes: ACORDOS 1. Solicitar a Xunta de Galiza e a Administración Xeral do Estado o financiamento integro de servizos como o SAF, que segundo a lei son servizos de competencia non municipal e que só poden estar xestionados delegadamente atendendo a un principio de equilibrio financeiro. 2. Solicitar da Xunta de Galiza que asuma o 100% dos custes dos Centro de Día así como das Galiñas Azuis, toda vez que anunciou e asumiu a xeneralización da gratuidade 0-3 anos das escolas infantís e está a financiar integramente os custes das escolas infantís privadas. 3. Solicitar á Xunta de Galiza que como Administración competente tanto no eido sanitario como no educativo, se faga cargo dos gastos que na actualidade están a soportar os Concellos da Provincia de Ourense nestes dous Servizos Públicos esenciais. 4. Trasladar estes acordos ó Ministerio de Derechos Sociales, Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Consellería de Sanidade. Así como á Presidencia da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado de España.

1ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, na que afirma que fai súas a palabras do voceiro do BNG e a súa exposición desta moción.

1ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, na que comeza expondo que o grupo provincial socialista está totalmente de acordo coa moción, e á que formularon unha emenda de adición co ánimo de melloralala. Sinala que existen unha serie de gastos que teñen “afogados” aos concellos e que estes non deberían asumir por non ser da súa competencia ou competencias impropias sen recursos adicionais. Na provincia de Ourense, con poboación avellentada e dispersa, servizos como o do SAF incrementan o custo da súa prestación. Neste

servizo o prezo da hora que subvenciona a Xunta de Galicia son 12 euros, e non dá para prestar este servizo que é de competencia autonómica. Completamente de acordo coa afirmación da moción de que só se deben e poden delegar servizos nos que haxa equilibrio económico, e o do SAF, non o é. Respecto aos servizos de centro de día ou escola infantil que prestan os concellos, a Xunta de Galicia ten que asumir eses custos, que neste intre están a asumir os concellos, e tamén nos casos relativos ao mantemento de todos os edificios onde a Xunta presta estes servizos, que corren a cargo dos concellos. Na nosa provincia temos 24 escolas infantís do Consorcio da Xunta, e 12 Centros de Día, e todos coincidimos en que prestan uns servizos esenciais para as familias e para as mulleres. O mesmo pode dicirse respecto ao mantemento dos centros de educación primaria e en moitos casos de secundaria, que seguen a ser competencia municipal, claramente impropia. Lembremos as obrigas de limpeza adicional na época da pandemia que lles impuxo a Xunta de Galicia aos concellos de Galicia, sen achegarnos nin un só euro. O mesmo cos centros de saúde, onde fomos os concellos os que tivemos que correr con moitos gastos nesa época. A emenda do grupo socialista pretende solicitar da Xunta que asuma o 100 % dos gastos dos conservatorios municipais dos concellos de menos de 20.000 habitantes.

1ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, na que sinala que o seu grupo está de acordo coa maior parte da parte expositiva desta moción, e son conscientes do impacto que gastos como o servizo do SAF teñen nos orzamentos municipais. Non obstante entenden que a moción se centra en reclamarlle o financiamento dos servizos á Xunta de Galicia, cando o que está a incumprir as súas obrigas é o Estado. Hai un acordo que establecía que para o SAF o Estado e a Xunta achegaría o 50 %, e non se está a cumprir. Precisamos con urxencia un novo modelo de financiamento das entidades locais e de todas as CCAA, pero parece que o Estado só está preocupado no financiamento dunha CA en particular. A base da solución ao problema é que o Estado cumpra as súas obrigas para que a Xunta así poida facerlles unha maior achega aos concellos. A FEGAMP está a traballar coa Xunta en mellorar este financiamento, e entendemos que este debe ser o interlocutor axeitado. Insiste en que a Xunta de Galicia está a cumprir o disposto na Lei 2/2017, respecto ao financiamento de escolas infantís e centros de día, sen prexuízo de que poidamos demandar e esixir máis desde os concellos e desde a FEGAMP. Con respecto ao mantemento e limpeza de centros educativos é unha competencia municipal porque así o establece a lexislación aplicable, polo que aquí non hai incumprimentos. Respecto aos centros de saúde, si son de titularidade

municipal, correspóndelles aos concellos o seu mantemento, se ben a Xunta de Galicia, a través do fondo adicional, está entregando unha compensación, e os concellos teñen a opción de ceder gratuitamente eses espazos á Xunta de Galicia que os asume. Remata indicando que por todo o exposto, o seu grupo se vai abster na votación desta moción.

2ª intervención de Bernardo Varela López, do BNG, na que insiste en que estamos diante dun flagrante incumprimento da legalidade por parte da Xunta de Galicia, que delega competencias sen o correspondente financiamento. Insiste en que os puntos primeiro e cuarto da moción lles reclaman tanto á Xunta de Galicia como ao Estado. Como concellos o que queremos é que se arranxen entre eles, pero que o financiamento chegue aos concellos, que están prestando servizos sen financiamento. O problema que temos é que por responsabilidade cos nosos veciños prestamos os servizos, e agora temos os traballadores, polo que o que teñen que facer Estado e Xunta é asumir a Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local aprobada no ano 2013 e dotar de financiamento aos concellos para as competencias que estamos prestando por delegación. Estamos pedindo o que está escrito na lei, nada máis. A FEGAMP e os concellos debemos dicir “ata aquí”, e as competencias que non nos son propias, ou que a asuman eles, Estado e Xunta, ou que as paguen.

2ª intervención de Rafael Martínez Cachafeiro, de DO, sinala que todo isto non hai que pedilo, está escrito na lei. Xogan así porque creen que os alcaldes non se van atrever a plantar estes servizos. Finaliza dicindo que este pleno e os acordos pode ser deses que non serven para nada.

2ª intervención de Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, indica que concorda con todo o manifestado polo grupo propoñente da moción, e remarca que estamos diante do eterno debate nos concellos de prestar os servizos que a cidadanía precisa e demanda, pero que non son servizos básicos da lei de bases de réxime local, senón competencias impropias sen financiamento. Os servizos sociais son competencia da Xunta de Galicia e temos que demandar que nos pague aos concellos eses servizos. O SAF tamén debe estar financiado integramente por Estado e Xunta de Galicia, e non debe ser asumido polos concellos. Igualmente solicitamos que a Xunta asuma os gastos dos conservatorios musicais dos concellos de menos de 20.000 habitantes, xa que hai cinco na provincia que asumen os propios concellos. Remata amosando o seu voto favorable á moción e pide o apoio de todos os grupos á súa emenda de adición.

2ª intervención de Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, insiste en que a administración que está a incumprir as súas obrigas de financiamento destes servizos é o Estado, en concreto no caso do SAF, polo que hai que esixir que cumpra co Pacto da Dependencia, xa que o Estado non entrega os fondos comprometidos nese pacto ás CCAA. A lei de racionalización do ano 2013 di o que di, pero a lei de servizos sociais de Galicia, vixente, aprobouna o goberno bipartito da Xunta, e parece que ninguén se acorda disto. Respecto aos conservatorios de música, debemos lembrar que é un servizo que no seu momento decidiron prestar os concellos, e non debemos esquecer que a Xunta saca subvencións todos os anos para os conservatorios de titularidade municipal. Insiste no importante papel que nestas reivindicacións debe xogar a FEGAMP. Para rematar sinala que o seu grupo se absterá na votación da moción e votará en contra da emenda do grupo socialista.

Quenda de peche de Bernardo Varela López, do BNG, na que lembra que a lei de racionalización aprobouna o PP en Madrid e o PP en Santiago de Compostela. Todos queremos o mesmo, porque os servizos aos nosos veciños temos que prestalos. Debemos reivindicar tanto á Xunta como ao Estado, porque é evidente que os servizos sociais non son competencia propia dos concellos e estes servizos deben prestarse pero con fondos axeitados. Existe ademais unha sobrecarga de traballo nos servizos sociais municipais. Entre Estado e CCAA deben amañarse, pero que non nos impoñan a nós eses gastos.

Intervención do Sr. Presidente na que sinala que o problema está na orixe, xa que os concellos aceptamos as condicións, e agora a situación mudou. Os servizos agora son deficitarios e debemos reclamar máis fondos para os nosos concellos. Sobre as escolas infantís sinala que o concello paga os gastos que lle corresponde, pero que son servizos que demandan os propios concellos á Xunta de Galicia, e debemos lembrar que somos a única CA na que as familias de 0 a 3 teñen escolas infantís gratuítas. Respecto ás referencias á época da pandemia, sinala que a Xunta de Galicia foi a única que repartiu material, e que o Estado non cumpriu coas súas obrigas cos concellos.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7) e do BNG

(3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de DO (1), e unha abstención de DO (deputado Antonio Fernández Martín ausente na votación).

A continuación sométese a votación a moción do BNG, que é aprobada co voto favorable do Grupo Socialista (7), do BNG (3, incluído o voto non presencial de Xosé Manuel Puga González) e de DO (2), e a abstención do Grupo Popular (12).

Polo exposto, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Solicitarlles á Xunta de Galiza e á Administración Xeral do Estado o financiamento integro de servizos como o SAF, que segundo a lei son servizos de competencia non municipal e que só poden estar xestionados delegadamente atendendo a un principio de equilibrio financeiro.
2. Solicitar da Xunta de Galiza que asuma o 100% dos custes dos Centro de Día así como das Galiñas Azuis, toda vez que anunciou e asumiu a xeneralización da gratuidade 0-3 anos das escolas infantís e está a financiar integramente os custes das escolas infantís privadas.
3. Solicitarlle á Xunta de Galiza que como Administración competente tanto no eido sanitario como no educativo, se faga cargo dos gastos que na actualidade están a soportar os Concellos da Provincia de Ourense nestes dous servizos públicos esenciais.
4. Trasladarlles estes acordos ao Ministerio de Derechos Sociales, Consellería de Política Social, Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e Consellería de Sanidade. Así como á Presidencia da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado de España.

14º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA FOMENTO DA LECTURA ENTRE NENOS E ADOLESCENTES

Esta moción foi retirada da orde do día.

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

16º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

- 1.- Dáselle conta ao Pleno da resolución da liquidación do orzamento de 2023.
- 2.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de

decretos do mes de febreiro de 2024.

Os membros da Corporación quedan informados.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Bernardo Varela López, do BNG. No mes de xullo de 2021 o Sr. presidente da Deputación Provincial de Ourense presentaba o Plan Termal de Ourense, e dicía que: “situará á nosa provincia á vangarda das iniciativas termais. Varios anos despois e con varios millóns de euros gastados, observamos que a iniciativa privada do sector termal está en “desbandada”, xa que o grupo Caldaria ven de anunciar que reconverte o actual balneario de Arnoia nun xeriátrico; e a maiores, temos noticias de que o balneario histórico de Baños de Molgas ten previsto converterse en “apartamentos turísticos”. Pregunta se non cre o grupo de goberno que é preciso reformular o plan termal da provincia de Ourense para corrixir este rumbo.

Con respecto ás marquesiñas da Deputación roga que as que están en mal estado poderían ser retiradas e que na medida do posible se cambien por modelos máis acordes co entorno. Outro rogo é que na estrada de Nogueira de Ramuín, que ten competencia a Deputación Provincial de Ourense, OU-0508, nas inmediacións do CEIP de Luintra que se instale, á maior brevidade, un paso de peóns elevado, con sinalización vertical de proximidade de centro educativo, para tratar de minimizar a velocidade dos vehículos.

Sr. presidente. Manifesta en primeiro lugar que, ata onde el sabe, as marquesiñas son propiedade dos concellos e non da Deputación. De todos modos pódese estudar este asunto e destinar unha partida para axudar aos concellos neste tema nunha modificación de créditos. Toma nota do rogo realizado sobre a estrada de Nogueira e pasarállelo aos técnicos para que o estuden. En canto á pregunta relativa ao termalismo, manifesta que a pesar desta noticia, que non é favorable, a empresa manifestou que non se ía perder o uso termal. Vai ser un xeriátrico con uso termal, o cal sería singular. De todos modos a empresa terá que concretar a noticia. Segundo datos que lle pasan desde a Área de Benestar, aínda que a situación non é boa, se se compara con antes do dezanove, pasar a noite incrementouse nun 2%, sen se computar as vivendas de uso turístico, que pasaron de 3.415 prazas a 5.009, é dicir, hai 1.500 prazas máis de uso turístico. O sector privado que opera nos hoteis balnearios manifestan e nos anos 2022 e 2023 duplicaron as prazas, pasando de 683 a 1.163 clientes, incrementándose nun 55% nestes establecementos termais. Certo é que están gravemente castigados polos custos da

enerxía, alimentos e persoal. Concorde en que non é unha boa situación, pero tampouco é unha situación de retirada.

Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista. No mes de febreiro de 2023, a alcaldesa de Lobios, María del Carmen Yáñez, mantivo unha reunión co entón presidente da Deputación Provincial de Ourense, José Manuel Baltar Blanco. Na reunión tratouse a reforma do campo de fútbol do Paraño en Lobios, pero tamén se falou dun proxecto de mellora do último tramo da OU-1206, que comunica Lobios co núcleo de poboación da Vila. Trala reunión, a alcaldesa e a propia Deputación anunciaron que o ente provincial asumiría a redacción dun documento para a mellora deste tramo de estrada. Cabe lembrar que a OU-1206 foi reformada xa hai moitos anos, pero tan só se reformou un dos tramos, quedando o outro pendente. Tamén hai que apuntar que semanas despois da reunión se marcou a estrada para unha posible actuación, pero non se fixo nada máis. Despois dun ano, no que non houbo noticias, informacións ou novidades ao respecto, queremos coñecer en que estado se atopa o proxecto de reforma. ¿Redactou xa a Deputación Provincial de Ourense o documento técnico para a reforma deste tramo da OU-1206? De ser así, solicitamos copia deste. ¿Ten previsto a Deputación Provincial de Ourense reformar este tramo da OU-1206 en próximas datas ou levar a cabo algunha actuación sobre o firme? De ser así ¿para cando está previsto? ¿Comunicouse a alcaldesa de Lobios, María del Carmen Yáñez, co actual equipo de goberno da Deputación Provincial de Ourense para tratar o arranxo do tramo da OU-1206?

Sr. presidente, contesta que o documento técnico non está rematado, está en elaboración. Non hai unha data concreta, pero estamos elaborando unha modificación na que se quere incorporar o diñeiro preciso para actuar en diversas estradas provinciais, e se alcaldesa o solicitou será unha das prioritarias.

Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, Recentemente a prensa local publicaba un artigo sobre a tan necesaria e demandada polo noso grupo provincial socialista e tamén polo Concello de Vilamartín de Valdeorras, sobre un novo estudo técnico de acceso ao pobo de San Vicente de Leira, que rebaixa dun xeito sorprendente o seu custo dos 13 millóns de euros inicialmente previstos a pouco máis de 500.000 euros. ¿Cales son, segundo os novos informes dos técnicos, as solucións expostas? ¿O novo acceso que se propón cumpre coas esixencias técnicas no referente a dimensións, pendentes, etcétera, dunha estrada provincial? ¿Para cando está previsto a redacción e publicación do novo proxecto definitivo? ¿Asumirá integramente a Deputación Provincial de Ourense o custo da execución deste proxecto?. Así mesmo

solicitamos acceso e copia ao novo estudo técnico para habilitar o acceso por esa cantidade que se anunciou por parte da deputada provincial e delegada da Deputación Provincial de Ourense en Valdeorras, dona María del Carmen González Quintela.

Sr. presidente di que esta Deputación ten, ata o de agora, para 1.800 quilómetros de vías provinciais, tres millóns de euros, millón e medio para conservación e millón e medio para obras. Esta ano van tratar de asignar algo máis de diñeiro, pero a obra da que se fala ten un custo de 13 millóns de euros. Estase intentando buscar outras solucións. Hai un estudo previo para a mellora do vello camiño, que podería chegar a un punto intermedio entre os dous núcleos de San Vicente. Este estudo previo, en principio, podería dar unha resposta razoable, abaratando os custos. Estase traballando nese estudo a ver se somos capaces de darlles unha solución máis modesta, porque é inviable con eses custos. En canto estea rematado ese estudo poñerase a disposición de todos os grupos.

Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que viu que este xoves se constituíu por fin a comisión de patrimonio provincia. Pregunta cal é o criterio para elixir ás persoas que forman parte desa comisión e se cabería a posibilidade de que as distintas forzas políticas que forman parte da Corporación poidan formar parte dela.

César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular, contesta as persoas que forman parte da comisión están nomeados no regulamento da comisión. Son persoas de recoñecido prestixio no eido da defensa do patrimonio cultural e demais representantes de institucións: universidade, fundacións culturais En canto á posibilidade de incluír grupos políticos na comisión, di que cando naceu a comisión, no mandato pasado, nace para ser un grupo consultivo e non ter presenza de grupos políticos, pero este Pleno é soberano para facer cambios na composición desa comisión.

Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, di que nas redes sociais, ás veces, confundimos os perfís privados cos perfís institucionais. Pasa co perfil propio do Sr. presidente que acaba compartindo a propia páxina da Deputación. Polo que pide que se diferencien.

O Sr. presidente pide desculpas e manifesta que non volverá ocorrer.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

PEGADA DIXITAL VÍDEO

Url

[https://depourense.seneca.tv:443/s/7SZy2r8oqzpiyFyS8OlqRdk0xilmO0a6zKSlwXHZfbJsdWg
h.wmv](https://depourense.seneca.tv:443/s/7SZy2r8oqzpiyFyS8OlqRdk0xilmO0a6zKSlwXHZfbJsdWg
h.wmv)

SHA512 - 2a94868d974af7d85cc1e8f1a0d6cc7945e3fc14fc9cc8d077657d6780890c63aef11f3
79db6b604ade4956a8b08c7c876e07e99ceae68dc655a239d21ca6c8

E, ás 14.53 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.